



A batalla de Cacheiras, Teo, 23 de abril de 1846

Guillermo González Raviña
guillermotomasmanuel@gmail.com

Resumo. A Batalla de Cacheiras (Teo) librouse o 23 de abril de 1846 entre as tropas afíns o partido liberal progresista galego, sublevadas en Lugo, e as do goberno ditatorial de Narváez. As tropas rebeldes resultaron vencidas polas do xeneral Concha, frustrándose deste modo as aspiracións nacionalistas galegas, cifradas nos seguintes puntos: unha Galicia unificada nunha sola provincia, administración territorial organizada por galegos, supresión dos novos impostos e sufraxio universal masculino.

Abstract. The Battle of Cacheiras (Teo) was fought on April 23th 1846, between troops allied to the Galician progressive liberal party, revolted in Lugo, and troops of Narváez dictatorial government. Rebel troops were defeated by troops of General Concha and Galician nationalist aspirations (unification of Galicia, territorial administration, abolition of new taxes and universal male suffrage) were dashed.

Amigo lector, nestas páxinas vas atopar unha serie de datos, ilustracións e referencias en relación ao título exposto. Son informacións coas que trataremos de transmitir uns feitos acontecidos no val do Ulla e máis concretamente no municipio de Teo e que tiveron seguimento na cidade do Apóstolo.

O tempo non perdoa, aqueles feitos tiveron lugar hai preto de dous séculos e resultan un tanto esquecidos ou confusos. No concello de Teo, onde se produciu tal enfrontamento militar, quedou pegada daqueles sucesos no propio escudo municipal. Nel aparecen un par de sabres cruzados sobre unha ponte, que proporcionan especial recordo e significación ao acontecemento.

Porén, para falar daquela batalla, dos seus protagonistas, ou de cales foron as causas que a orixinaron debemos, aínda que de forma sinxela, formular e subliñar unha serie de circunstancias, motivos e causas que fundamentaron o levantamento galego de abril de 1846 e a batalla de Cacheiras. A saber:

- a) Os distintos idearios políticos a mediados do século XIX.
- b) As guerras.
- c) A actuación do goberno progresista de Espartero, 1840-43.
- d) A actuación do goberno moderado de Narváez desde 1843-46.
- e) A disposición favorable do movemento provincialista en Santiago.
- f) As estratexias do Partido Progresista antes e durante o levantamento do 02/04/1846.
- g) Extracto do levantamento galego de abril de 1846
- h) As estratexias das tropas antes e durante a Batalla de Cacheiras, Teo.

Os partidos no poder: dous idearios políticos a mediados do século XIX

Liberalismo moderado	Liberalismo progresista
Soberanía compartida (Cortes/Raiña)	Soberanía nas Cortes
Sufraxio censatario e masculino	Sufraxio universal masculino
Liberdades restrinxidas	Dereitos e liberdades amplas
Oficialidade do catolicismo	Liberdade de cultos
Poder compartido: Cortes/ Raiña	Separación de poderes
Parlamento bicameral: Cortes- Senado	Parlamento unicameral: Cortes
Tribunais sen xurado	Tribunais con xurado
Goberno oligárquico (notables)	Goberno democrático
Estado centralista	Estado centralista ou federal
Alcaldes elixidos polo goberno	Elección popular dos alcaldes
Apoio dos notables e alta burguesía	Apoio das clases medias

No eido político, a situación era moi diferente á actual. Como vemos no esquema anterior, había dous partidos que levaban a batuta do país, «os moderados» e os «progresistas ou liberais», alternán-



Interpretación que fixo da Batalla de Cacheiras o pintor Macaco segundo idea concibida por Guillermo González Raviña. É o momento cume e decisivo da loita. Son as 12,30 horas do 23 de abril de 1846, cando Concha, ao fronte da cabalaría, decide rodear pola esquerda as tropas de Solís, sorprendéndoas pola súa retagarda e acadando unha vantaxe decisiva que marcaría o resultado final da contenda. Logra facer prisioneiros a todo un batallón con carros, municións e víveres, ademais de causar ás tropas sublevadas cuantiosas baixas.

Explicase así. Primeiro plano: Tropas da infantaría de Concha, atacando as de Solís, que está nun plano intermedio e atrincheirado entre diversos muros e casas. Están na aba do monte de Montouto antes de comezar a recuar cara o cumio. Prodúcese a chegada da cabalaría pola retagarda para atacar a infantaría de Solís.

dose no poder, aínda que non de forma proporcional. A incerteza e a inseguridade dos gobernos foi constante, debido aos numerosos pronunciamentos ou golpes de estado que caracterizaron este convulso período e provocaron os continuos vaivéns á fronte do goberno. En xeral, houbo certa alternancia entre os partidos, aínda que os progresistas nunca alcanzaron o mando de xeito democrático, a súa chegada á presidencia do goberno lográbana mediante estes golpes de estado (nomeados «pronunciamentos») que encabezaron numerosos xenerais durante o século XIX.



Imaxe da raíña Isabel II, segundo o óleo realizado polo pintor Vicente López

O reinado de Isabel II durou uns 35 anos e nel, sucedéronse ata 48 gobernos o que amosa a inestabilidade daquelas lexislaturas e a dificultade para exercer unha efectiva acción de goberno.

As guerras

Ao dito anteriormente cómpre engadir negativamente o feito de que o país viña de varias guerras, o cal ocasiona a fraqueza e inestabilidade económica. A guerra de Independencia, as loitas coloniais, as guerras carlistas, etc, non permitiron o desenvolvemento industrial e dificultaban calquera posible mellora na agricultura, nas comunicacións ou no comercio, repercutindo no estado da facenda da Coroa, case en estado crítico,

sen cartos para proxectos ou reformas. En consecuencia, o pobo español encontrábase sumido na miseria e na fame.

1840-1843 (gobierno progresista)

O Partido Progresista con Espartero á fronte sobe ao poder a través do seu nomeamento como rexente. Una polémica lei dos concellos promulgada polo goberno moderado recortaba as competencias municipais e, á vez, permitía ó goberno nomear aos alcaldes. Feito que marcou a ruptura entre os partidos moderados e progresistas. Estes últimos inician unha campaña na prensa e a través dos propios concellos para que María Cristina de Borbón, a rexente, non sancionase a lei aprobada nas cortes. Solicitaron a Baldomero Espartero, o home máis popular do momento despois do seu triunfo na guerra contra os carlistas («o pacificador de España»), o seu apoio. Porén, María Cristina de Borbón firma a lei e desátanse revoltas progresistas en moitas cidades por todo o país, tamén nas principais capitais galegas, que provocan o nomeamento do xeneral Espartero como



Xeneral Espartero, xefe do Partido Progresista e rexente de Isabel II entre 1840-1843. (imaxe da súa biografía)

María Cristina de Borbón, nai de Isabel II, tamén exerceu a rexencia entre 1833-1840). Debuxo de Guillermo González Raviña



Rexente para frear a marea revolucionaria que azoutaba o país. O novo rexente suspende a Lei dos concellos sancionada por María Cristina e convoca eleccións, que darían unha ampla vitoria ós progresistas.

Espartero suprime as xuntas locais, pois considera que a actividade política apoiada en tales bases frea o poder estatal e, por tanto, impulsa o centralismo.

Entra de cheo na supresión dos foros e dos décimos e na confiscación das propiedades do clero.

Militarmente actúa sobre a enorme cantidade de altos mandos, aos que nunha alta porcentaxe manda á reserva, feito que lle vai quitando o apego que gozaba do exército, creándose unha feroz oposición dos xenerais relacionados co partido moderado.

En Galicia, o Partido Progresista céntrase en crear xuntas locais e apoia inicialmente a Espartero. Porén dende 1843 evidéncianse as diferenzas entre os «esparteristas» de Lugo, Ferrol, Pontevedra e Vigo e os anti-esparteristas (ayacuchos) que aparecen en Santiago,

Coruña e Ourense. Estes gañan as eleccións, pero a súa asociación con parte dos moderados acabaría prexudicándoos. O seu fracaso nas Cortes de Madrid, onde os senadores que apoian a Espartero son maioría, bloquean a súa actividade.

A Espartero o seu autoritarismo e forte política represiva ocasionárlle a perda de poder (sirvan de exemplo: os fusilamentos de Diego de León, Borso e Montes de Oca ou os bombardeos contra Barcelona)

Xorden varios pronunciamentos apoiados desde o estranxeiro por María Cristina (a ex-rexente de Isabel II), que xeran a inestabilidade dentro do goberno progresista.

1843-1846 (gobierno moderado)

O xeneral Narváez (líder do partido moderado) pronúnciase en Valencia e dende aquí parte o 23 de xullo de 1843 cara a Madrid para desestabilizar a Espartero.

As tropas deste último, no canto de enfrontarse ás sublevadas, pásanse a elas e Espartero exíliase en Inglaterra; deste xeito péchase a etapa progresista.

Comeza así a década moderada, que abarca dende o ano 1844 a 1854, cun forte carácter ditatorial como reflicten medidas como a supresión da liberdade de prensa ou a persecución dos principais rivais políticos (liberais). Fréase tamén a desamortización e permítese ao clero volver a ter propiedades.

Para non volver nomear unha nova rexencia, as Cortes dan a maioría de idade a Raíña Isabel II aínda que só contaba con 13 anos e a Constitución esixía ter cumpridos os 17. Ao mesmo tempo propoñen que a Raíña case co príncipe Francisco de Asís, tamén de tinte absolutista.

En 1844, orgánzanse novas eleccións xerais controladas polo goberno. Son corruptas e, por descontado, gañan os moderados, o que exaspera máis aínda aos liberais polo que comezan a mobilizarse e montar novas xuntas locais e provinciais dirixidas por antigos dirixentes que xa tiveran certo poder en etapas previas.

É de destacar, como antes da revolución galega de 1846, o 15 de xullo de 1843 xurdira en Lugo unha xunta galega con participación

representativa das xuntas locais e provinciais da rexión aínda que tivo unha breve existencia. Entre as súas disposicións propugna xa unha administración propia para Galicia, unha especie de autonomía que ten eco na prensa do momento, auspiciada polo «provincialismo» de forte presenza en Santiago.

En 1845, Narváez promulga unha nova Constitución, sen ter en conta ós progresistas. Dentro dela recóllese unha nova legislación para os concellos que establecía unha serie de prerrogativas a favor da raíña á hora de nomear aos alcaldes.

Outro feito que é moi mal visto na Galicia é a imposición dun novo réxime fiscal que suprime os antigos impostos e establece unha «verdadeira contribución» moi gravosa para os intereses dos galegos.

En Galiza comezan as protestas cidadáns, orgánzanse mobilizacións en diversas cidades e comeza a azueira dun posible levantamento militar co apoio dos progresistas que levaban tempo planeando e argallando dende certos círculos.

O Provincialismo

De forma paralela ás dúas fases dos gobernos anteriores (1840-1846) xorde en Santiago un «movemento cultural e político», coñecido como o Provincialismo (contrarios á creación das 4 provincias gale-



Xeneral Narváez, xefe do Partido Moderado.
Debuxo de Guillermo González Raviña



Antolín Faraldo, xornalista, líder do movemento Provincialista e secretario da Xunta Superior de Galicia en 1846. Debuxo de Guillermo González Raviña



Antonio Romero Ortiz, xornalista, secretario da Xunta Local de Santiago en 1846 e membro do Provincialismo. Debuxo de Guillermo González Raviña

gas de 1833, e que esixía a unificación de todas elas nun ente único en recordo ao antigo reino suevo). As súas iniciativas van influír de xeito decisivo no proceso do levantamento galego de 1846.

Os provincialistas eran intelectuais galegos, ex-alumnos ou estudantes da Universidade compostelá, xunto a médicos, avogados e algún cura, que xa en 1840 se movían ao redor dos grandes centros culturais de Santiago como eran a *Sociedad Patriótica Progresista*, a *Academia Literaria* e a *Sociedad Arqueológica de Galicia*. Desenvolvían un labor cultural, filosófico, literario e político a través de conferencias, charlas e apaixonados discursos dos seus integrantes. Eran bos oradores que lograban transmitir e convencer aos seus seguidores. Todos posuían boas dotes literarias, son novelistas e poetas, é, á vez, contan cunha marcada visión política próxima aos referentes do progresismo liberal. Destacan persoeiros como Antolín Faraldo, os irmáns Rúa Figueroa, Antonio Romero Ortiz, Ramón da Sagra, Pío Rodríguez Terrazo, Neira Mosquera...

É de resaltar o labor de Faraldo, que durante varios anos escribe na prensa de Santiago en xornais, como *El recreo compostelano* e posteriormente en *El porvenir*. Alude á *Historia de Galicia* (obra de Verea Aguilar, impresa un pouco antes e na que se inspira). Señala as influencias, trazos, pegadas ou actuacións que deixaron sobre a xeografía galega pobos como os celtas, fenicios, romanos, suevos, árabes. De todos eles, sobreviviu algún sinal importante na nosa idiosincrasia.

Pormenores que modelados pola moralidade e a política marcan os hábitos, costumes, usos, tradicións e mesmo o vestir e a lingua dos galegos e nos diferenza doutros pobos.

Faraldo e os seus compañeiros acentúan a súa mirada en aspectos económicos e humanos, observando como a industria está baixo mínimos ou é case inexistente. Ante tal situación, os galegos optan pola emigración, naquel intre a Lisboa, Castela ou Cádiz. Tamén analizan o estado das comunicacións e lamentan o seu abandono. A escasa rede viaria está chea de fochancas e esquecida polas autoridades feito que impide a comercialización dos produtos galegos e que os mercados sexan escasos e insuficientes.

Non presenta mellor imaxe a agricultura, atrasada polo minifundio ou os impostos que se han de pagar polas terras e que apenas permite manter á poboación. Porén, nada falan dunha reforma agraria, talvez por descoñecemento.

Non parece mellor a situación da Universidade da que piden un estudo e reforma a fondo, pois consideran que os profesores non son os máis axeitados e a súa asistencia ás clases deixaba moito que desexar.

Faraldo tamén trata sobre os «dereitos humanos» en xeral e particular sobre os dereitos «da muller» e da relixión, aínda que de xeito superficial. Nada sinala sobre o proceso da desamortización (faceta onde están implicados outros líderes do provincialismo como Pío Rodríguez e que lles serve para obter proveitosos beneficios).

No aspecto humano percibe a dignidade da xente, di que os galegos son traballadores, fieis, honrados; pero cando saen dos seus lindes atopan a marxinação con que se lles trata, ao ser considerados como seres viles e desprezables, vilipendiándoos e burlándose dos

seus costumes, do seu idioma, da súa vestimenta. Este tratamento marxinal ós galegos fóra do noso territorio é denunciado polos provincialistas moito antes de que Rosalía volva a incidir no tema na súa obra *Cantares Gallegos* de 1866

Faraldo, postula que hai que recuperar a dignidade do galego e loitar contra esa marxinação xeral que sofre ao país. Xa introducidos no concepto da dignificación, Faraldo salienta como grandes referentes do labor encomiable dos galegos a homes que realizaron servizos importantes ó reino e cita ao Pai Feijoó, ao Padre Sarmiento, a Macías, a Juan Rodríguez de Padrón, a Jerónimo Bermúdez, a Gómez Pérez das Mariñas, a Payo Gómez Chariño, a María Pita, etc. Segundo Faraldo o atraso económico que se ve por todas partes non está motivado pola pobreza das nosas terras e denuncia que Galicia é unha «colonia da corte» pois achega máis do que recibe de Madrid. O centralismo existente provoca o descoñecemento dos problemas e necesidades reais de pobos tan afastados aos que trata con despotismo e tiranía.

Podemos dicir que o movemento provincialista estaba confeccionado a nivel intelectual dende agosto de 1845 en base aos traballos que publica en *El porvenir*, pero carecía dun desenvolvemento económico. Os descubrimentos do que el, chama a «Grande Obra» lévanlle a dar unha resposta ideolóxica ás cuestións referidas a través deste movemento cultural e político chamado provincialista, que procura para Galicia non catro provincias senón o intento dunha unha única identidade baixo a unión galega.

Todo fai pensar, seguindo a proclama da Constitución da Xunta Superior de Galicia de 15 de abril de 1846, que o seu ideario estaría próximo ao federalismo, como articulación política con certa autonomía administrativa para cada rexión, aínda que nada din de como acadar certa sincronía cos desexos do partido progresista que ocuparía o goberno central. É, o provincialismo, a primeira fase do que hoxe chamamos galeguismo (proceso de identidade e unidade para ter un goberno propio dos galegos). Desde esta época e a través dos anos o galeguismo pasa por varias fases ata conseguir un Estatuto Galego de Autonomía xa no período democrático en 1981.

As estratexias do Partido Progresista previas e durante o levantamento de abril de 1846

Polo país adiante nótase inquietude e no mes de marzo vaise a celebrar unha reunión na igrexa de Mourente (Pontevedra). A ela, e co fin de preparar un levantamento progresista, asisten o xefe político de Pontevedra, José María Santos, xunto ao xeneral Rubín de Celis (con mando do batallón de Oviedo en Vigo) e o capitán da garda civil Manuel Buceta, ademais asiste como convidado principal o príncipe Enrique de Borbón (curmán da Raíña), quen ofrece a súa colaboración aos progresistas galegos. O presunto golpe vai sufrir certo freo; pois Narváez desterra a Enrique de Borbón ao ter sospeitas da súa actitude.

Os meses anteriores ó levantamento, Galicia foi recorrida por Gerónimo Piñeiro, ex militar do exército español en Filipinas, facendo propaganda da revolución. Era colaboracionista coa Condesa Espoz y Mina. Home culto, investigador e naturalista (na universidade de Santiago deixou acopio de obxectos curiosos da súa estancia nas islas Filipinas). Ó mesmo tempo foi un personaxe moi sagaz e de gran picaresca según as informacións que aportaba o capitán xeneral de Galicia.

A inquietude nesos meses era manifesta, sobre todo na Coruña, a cidade máis liberal e posiblemente a máis proclive ó levantamento. Porén, os principais líderes provincialistas e progresistas son fortemente vixiados. Destacan Cesár Torunell, o comerciante Bruno Bherce e o político Vicente Alsina. Sobresaínte é a figura de dona Juana de Vega, quen na súa casa da rúa Real logra reunir a importantes persoeiros para tramar e urdir un posible alzamento fronte o goberno. Alí reúnen os cónsules ingleses e franceses, os cales presenta misivas de apoio do estranxeiro, tamén membros do batallón 2.º de Zamora con base na Coruña, como Solís, Dabán o Ferrer, militares opostos ao goberno de Madrid. Máis ao norte, na localidade de Ortigueira destacaba a figura Manuel Fernández Payán.

En *Santiago* destaca o «progresismo/provincialismo» de Pío Rodríguez Terrazo. Ao seu carón aparece Hipólito Otero, de Riobó, A Estrada con moito protagonismo desde 1840 na Xunta de Santiago, logo dende 1843 na Xunta local de Lugo e seguiu destacando en



Dona Juana de Vega y Martínez, Condesa de Espoz y Mina, aia de Isabel II e progresista coruñesa. No outro lado don Pío Rodríguez Terrazo, avogado, líder progresista en Santiago e presidente da Xunta Superior de Galicia en abril de 1846. (Debuxos de Guillermo González Raviña)

etapas posteriores, despois do goberno de Isabel II. En Pontevedra sobresaían as figuras de José María dos Santos e José Benito Amado. En Vigo, os empresarios da salgadura cataláns, Ramón Buch, Martín Molíns ou Benigno Cid. En Tui destaca Esteban Areal e o secretario da xunta Francisco Martínez González. Na Guarda aparece o presbítero Francisco Benito Vaz. Xa en Vilagarcía son substanciais José M^a Pou e Ramón Bravo. Tamén na costa Perfecto e Hermógenes Villanueva e o seu irmán Hermógenes, que loitaron en Cacheiras (o primeiro morreu no exilio en Portugal, vítima das feridas da batalla; Hermógenes foi un dos principais dirixentes progresistas das Rías Baixas).

Por Lugo, destacar un relevante grupo con José Arias da Torre, José Becerra Lamas e Juan Diego Osorio; en Castroverde a Manuel Pillano. En Mondoñedo e substancial a función de X.R. López. Na provincia de Ourense debemos citar a Manuel Otero, Pedro Llanes, Mariano Marqués e Ramón Taboada.

Os progresistas propoñían substituír o goberno moderado por outro progresista con Espartero de novo á fronte do goberno da Coroa. En segundo lugar, casar á Raíña co seu curmán Enrique de Borbón; máis próximo ao ideario dos progresistas o que garantiría o seu maior achegamento ao poder. Cara finais de marzo na Coruña, complícanse as cousas pois o batallón 2.º de Zamora (1.000 homes de tinguadura progresista) é chamado a Castela co fin de ser substituído; pois faise evidente a súa insubordinación aos mandos de Madrid. Os progresistas danse conta que deben aproveitar a ocasión. E así, á vez que a tropa inicia a viaxe cara a meseta, o comandante do Estado Maior da Coruña, Miguel Solís, diríxese a Lugo para unirse e encabezar o batallón e liderar o alzamento levando con el os cartos das nóminas do rexemento militar na Coruña.



Miguel Solís e Cuetos, comandante do Estado Maior da Coruña, progresista, autor do pronunciamento: golpe de estado do 02.04.1846 en Lugo á fronte do batallón 2.º de Zamora. (Debuxo de Guillermo González Raviña)

Extracto do levantamento galego de abril de 1846

02.04.1846. Praza Maior de Lugo

Pronunciamento de Miguel Solís á fronte do batallón 2º de Zamora baixo as peticións dunha Raíña constitucional, suprimir o sistema tributario e o cese inmediato do ditador Narváez. Consecuentemente, cámbianse os edís municipais, suprímese a Deputación e detense ao xuíz de Primeira Instancia, entre outras medidas.

04.04.1846. Mosteiro de San Martiño Pinario de Santiago

O Batallón Provincial de Zamora co capitán Arias ao fronte realiza un pronunciamento dicindo que quere «eliminar o cancro que



Manuel Buceta, capitán da Garda Civil. Na Batalla de Cacheiras, xefe do estado maior do Mariscal Solís. Prisioneiro no mosteiro San Martiño Pinario de Santiago do que fuxiu. Máis tarde e tras o seu reingreso no exército español alcanzou o xeneralato. (Debuxo de Guillermo González Raviña)

representa o ditador Narváez». De maneira similar o día 2, reorganizan o Concello seguindo o modelo das disposicións emitidas na cidade de Lugo. Ao día seguinte, no palacio de Fonseca, os provincialistas Antonio Romero Ortiz, Antolín Faraldo e outros, únense aos progresistas e refundan o Batallón Literario.

08.04.1846. Sigüeiro (Oroso)

Enfrontamento ficticio. Tropas da Coruña, fieis a Madrid tentan enfrontarse ás que manda Solís. Reúnense os mandos e acordan darse un prazo de 48 horas antes de iniciaren calquera contenda.

09.04.1846. Pontevedra

Pronunciamento do capitán Manuel

Buceta, quen lles di á poboación que toda España érguese contra o goberno, o que era realmente unha mentira.

Muda a cor política do Concello e promulgan disposicións semellantes ás de Lugo e Santiago.

10.04.1846. Vigo

Pronunciamento de Ramón Buch coa participación do xeneral Rubín de Celis e outros. O seu discurso segue a mesma liña e adóptanse as mesmas medidas cás outras cidades que xa defenden ós sublevados.

11.04.1846. Astorga

O xeneral Concha, enviado a Galicia para combater o levantamento, enfróntase co xeneral Iriarte, que viña do exilio e levantárase contra o goberno. A cabalería de Concha ataca ás tropas de Iriarte e rapidamente lle inflixe unha severa derrota que remata coa fuxida de Iriarte.

13.04.1846. Sigüeiro (Oroso)

Enfrontamento, nesta ocasión máis real, entre dous batallóns ao mando de Puig Samper, leais a Madrid e con case o dobre de efectivos coas forzas sublevadas ao mando de Solís. O enfrontamento dura catro horas con claro saldo positivo para as forzas de Samper. Segundo este, quedan fóra de combate cen soldados.

15.04.1846. Colexio de Fonseca, Santiago

Constitución da Xunta Provisional Superior de Galicia cos representantes das capitais pronunciadas. Resulta presidente Pío Rodríguez Terrazo (Santiago); secretario, Antolín Faraldo Asorey e vogais: Ramón Buch (Vigo), José María Santos (Pontevedra).

Dividen o exército entre dous mariscais (Solís e Rubín de Celis), e realizan unha parada militar a modo de presentación á veciñanza compostelá na alameda. A proclama de Antolín Faraldo ten un dobre obxectivo: por un lado que o partido progresista volva gobernar en Madrid e por outro, acadar as esixencias provincialistas para obter unha maior cota de autogoberno en Galicia (unha especie de federalismo).

17.04.1846. Campaña do norte do mariscal Solís (A Coruña, Betanzos e Ferrol)

Ao pé da cidade e desde as 8 ata as 14 h tenta sen éxito que lle faciliten a entrada á cidade da Coruña. Tralo fracaso da operación



Patio de Fonseca o máis bonito da cidade. Óleo de Modesto Paz Camps. Edificio, sede da primitiva Universidade compostelá. Desde o 04 de abril de 1846 ao 14 foi sede da Xunta Local Revolucionaria de Santiago e desde o 15 ao 23 de abril da Xunta Superior de Galicia; os días 24 e 25 despacho do xeneral Concha e aparcadoiro dos seus 6 canóns).

retírase a Betanzos. Aquí pide máis armas e reorganiza o Concello. O día 19 achégase a Ferrol. Ás 15 horas é recibido a disparos e retírase ás 19 horas da vila.

17.04.1846. Campaña de Rubín de Celis en Ourense

Á fronte dos batallóns, Oviedo (comandante Afasto Telles) e o Provincial de Zamora (capitán Arias), máis uns 90 gardas civís, 50 carabineiros e 8 xinetes (en total uns 2.000 homes). Preséntase ás portas de Ourense. Manda varios comunicados aos defensores para que se adhiran ó alzamento pero ante a negativa de Cendrena abandona o asedio.

21.04.1846. Palacio de Fonseca, Santiago

A Xunta publica un bando no que nomea a Solís como Capitán Xeral de Galicia. Solís réunese con Martín Velasco nun intento de reorganizaren todo o exército e unilo para facer fronte conxunta a Concha.

21.04.1846. Ourense

O xeneral Concha está en Ourense desde o día anterior e vai saír en dirección a Santiago con parte do seu exército. Pasará a noite do 21 ao 22 na aldea da Xesta (Lalín).

22.04.1846. Santiago. Ruta de Solís e as súas tropas, de Santiago á Ponte Ulla

As tropas de Solís parten de Santiago cara a Ponte Ulla para facer fronte ao exército do goberno central. Pensa que o exercito unido, seguindo os consellos do capitán Martín Velaso, e trala nova reorganización da Xunta Superior de Galiza poden facer fronte ás tropas de Madrid nun estratéxico lugar como é a bela paraxe de Ponte Ulla.

Na Ponte Ulla os aproximadamente 2.500 sublevados toman a vila durante esa mañá coa esperanza da pronta chegada de Rubín de Celis á fronte dos seus 2.000 homes. Porén, este móstrase pasivo agardando as ordes da Xunta, ou non acredita nas ordes que recibe. Solís, descoñece o pensar de Rubín e síntese desamparado polo que as primeiras horas da tarde levanta o cerco sobre a aldea e regresa a



Primeiro plano do lugar de Ponte Ulla, Vedra. Alén da ponte, eses elevados cerros son parte do territorio da parroquia de Castro, A Estrada. Na mañá do día 22.04.1846, aí fíxose forte e atrincheirouse o mariscal Solís co seu exército, pretendendo facerlle fronte ao de Concha. Óleo de Guillermo González Raviña

Santiago coa súa tropa. A idea inicial era agardar a Concha e tratar de defender as rúas da cidade.

Mañá do 22.04.1846

Seguimento sobre o gráfico nº 1 das rutas do exército de Concha polo val do Deza, (Lalín, Vila de Cruces, Silleda); Tras do Deza e Tabeirós (A Estrada); Ponte Ulla (Vedra).

«Tropas de Concha». O coronel Chinchilla, que chegara a Lalín con militares de diferentes destacamentos déixalle a Concha en Laxe (Lalín), á primeira hora da mañá, 4 pezas de artillería e 4 compañías do batallón da Raíña. Logo avanza cara ao Ulla. Concha, do que sabemos está na Xesta, avanzará algo máis tarde e completa a súa división coa tropa que lle deixara Chinchilla. Chegaría a Ulla entre as cinco e as seis da tarde.

Pola súa parte, o xeneral Rodríguez Soler avanzou por Vila de Cruces e entrará despois de mediodía na provincia da Coruña por Ponte Ledesma (Boqueixón). Únese a Chinchilla, posiblemente na Ulla.



Imaxe realista dun óleo de 1952 do pintor Modesto Paz Camps sobre a casa reitoral de Santa María de Baamonde, Teo. Nesta vivenda pasou a noite do 22 ao 23 de abril de 1846 a cúpula militar de Concha

Tarde do 22.04.1846

Seguimento a partir do gráfico nº 2 da ruta das tropas do exército de Concha: Santa Cruz de Rivadulla e S. Pedro de Vilanova (Vedra), Lestedo e Sergude (Boqueixón); Marrozos (Santiago); San Xulián de Sales e San Andrés de Illobre (Vedra); Baamonde (Teo).

Xa pola tarde a división das tropas reunidas ó cargo de Rodríguez e Chinchilla avanza pola estrada de Santiago e en Marrozos, a unha legua de Santiago toman o desvío cara a Baamonde (Teo), onde chegan á tardiña. Concha coa súa división segue a mesma ruta, aínda que o seu paso polo Ulla e máis tardío polo que chegaría a Baamonde xa á entrada da noite.

A división de Concha, alcanza Baamonde xa anoitecendo e polos arredores da casa reitoral dispoñerá o total do seu exército conformado por estes 5 batallóns de infantaría:

- 2º Batallón de América a cargo do coronel Lersundi
- Batallón da Raíña baixo o mando de Concha
- Batallón de Mondoñedo co coronel Cachafeiro á fronte

GRÁFICO 1: Desprazamentos estratéxicos dos dous exércitos durante a mañán do día 22/04/1836. Desprazamentos do exército de Concha polo val do Deza e do Ulla. Tamén das tropas sublevadas desde Santiago o Ulla e viceversa. Véxase en color vermello o itinerario realizado por Solís no gráfico




Gráfico elaborado sobre o mapa de Domingo Fontán (1845). Idea concibida por Guillermo González Raviña e realizada co apoio da Concellaría de Cultura do Concello de Tec

GRÁFICO 2: Desprazamentos do exército de Concha desde Ponte Ulla a Baamonde.




Gráfico elaborado sobre foto aérea do voo americano (1956). Idea concibida por Guillermo González Raviña e realizada co apoio da Concellaría de Cultura do Concello de Teo

Observamos a tres dos xefes do exército de Concha: 1) retrato do coronel Francisco Lersundi Ormaechea; 2) xeneral José Gutiérrez da Concha; 3) xeneral José Rodríguez Soler. Pintura e debuxos de Guillermo González Raviña



- Batallón de Guadalajara, que manda o xeneral Rodríguez
- 3º Batallón de América que dirixe o coronel Chinchilla e o comandante Ramón Solano.

Uns 350 xinetes, 6 baterías de montaña e outras dotacións complementarias de apoio: carros, máquinas, municións, comida e equipaxes. Un total duns 4000 homes acubíllanse en tendas nos terreos do igrexario da parroquia, camiños e aldeas de Tribaldes e Reboredo (na casa nº 5 deste lugar durmiu un pelotón de cabalaría).

A cúpula militar (Concha e os seus mandos) pasarán a noite na casa reitoral, onde acompañaron ao cura don Manuel González García e á súa irmá Peregrina; esta muller esmerouse e ofreceu unha opípara cea a tan célebres persoeiros. Dispoñían de certas provisións pois era a véspera da festa de San Xorxe, unha das celebracións máis importantes nesta parroquia.

É evidente que o cura amósase partidario de Concha pois a igrexa sufrira importantes perdas co proceso de desamortización e coa supresión dos diezmos (décimos). A confiscación de grande parte dos bens da fábrica da igrexa parroquial tiveran lugar en 1841 en tempos de Espartero. Porén, nese momento a nova constitución de Narváez de 1845 favorecía aos intereses da igrexa o que explica que o reitor Manuel González fora amable e diplomático anfitrión das tropas de Concha e tentara proporcionarlle as máximas comodidades posibles tendo en conta a súa imprevista chegada e a limitada economía e bens dos que dispoñía a parroquia.

Descoñecemos o que se falou naquela cea, pero non esquezamos que Concha descoñecía totalmente o noso territorio e aquel illado lugar que presidía o val do Santa Lucía. Seguramente procurou

obter o maior número de datos do lugar para analizar os mapas do exército que dispoñía e tratar de definir ben os camiños e rutas que conducían a Santiago, Padrón, ou Pontevea, xa linde entre os concello de Teo e A Estrada. Naquel tempo, Pontevea era aínda a vila do «Cruceiro», xa que as casas situábanse nun importante cruce de camiños que conducían á parroquia de Santa María de Teo, Padrón, A Estrada, Cuntis e Santiago. Á beira do camiño que se dirixía a Vedra e á parroquia de Sta. María de Teo, aínda se conserva un interesante cruceiro de 1789 que foi testemuña do paso das tropas.

O cura debeu de informar amplamente o xeneral sobre estas cuestións pois era bo coñecedor daquelas terras debido os seus habituais desprazamentos a Compostela para atender asuntos eclesiásticos ou cara Padrón pola súa procedencia (era natural da veciña parroquia de Santo Xulián de Requeixo, daquela pertencente ó concello de Valga e na actualidade a Pontecesures).

A charla pre-cea ou post cea dá idea e motivo real polo que o cura e xeneral saíron ao balcón aquela noite de lúa chea. Concha pretendería aclarar certas dúbidas sobre o lugar e ver onde estaría Santiago naquel horizonte, así como os camiños que levaban a Pontevea ou a Padrón.

No balcón sucedeu un dos feitos máis curiosos que narran as velas crónicas na previa da Batalla e que puido mudar o rumbo dos acontecementos posteriores. Concha saíu o balcón e apoiou todo o seu peso sobre a varanda de madeira (en mal estado pola súa desatención) e esta cedeu. Grazas a un dos seus axudantes, que conseguiu agarrar o xeneral, este evitou precipitarse ó chan situado á uns catro metros de altura. Segundo relatan os cronistas, o seu colaborador pronunciou a frase «os deuses son propicios ao Sr. Xeneral», os acontecementos posteriores confirmaron aquel presaxio.

O cura, testemuña directa daquel feito, anos máis tarde, lembraba en moitas ocasións aquela anécdota nos seus encontros con outros compañeiros. Destacaba, dando grazas á providencia divina, a sorte que tivera ó non sufrir dano algún o xeneral, doutro xeito é posible que mesmo o acusaran de colaborar cos sublevados e de participar nalgún plan para desfacerse de Concha, algo que evidentemente nunca procurou.



Óleo do pintor Macaco, onde se interpreta o incidente acontecido a Concha na noite do día 22 de abril de 1846. É a zona oeste da casa e balcón da reitoral de Santa M^a. de Baamonde, Teo

Final do día 22.04.1846 e primeiras horas do 23. Estratexias das tropas rebeldes en Santiago de Compostela

Aquela noite, O mariscal Solís pretendía dirixir ó amencer o seu exército cara a Padrón na compañía dos principais dirixentes implicados no levantamento e comezar a fuxida ao contemplar os problemas que supoñía a chegada do exército procedente de Castela. Solís reorganiza as súas forzas co reforzo dos gardas civís e milicianos. Sitúa a avanzada á saída de Santiago no lugar da Ponte da Rocha.

Cando aínda está a debater cos seus achegados esta posible saída recapacita sobre certa información tendenciosa que procede de comisionados de Lalín, os que apuntaban certo descontrol nas tropas de Concha nos seus desprazamentos e mesmo na intendencia das tropas, exercendo certa violencia contra a poboación para obter

provisións. Isto fai concibir a Solís esperanzas sobre a posibilidade de facerlles fronte ou contemplar certa fraqueza nas tropas de Concha. Logo da chegada destes comunicados, considerou que só a súa división contaba cun número de efectivos semellantes ás tropas gobernamentais polo que podería frear con certas garantías o seu avance.

Segundo recolle o libro de Porto¹, eses militares, dos que falaban os seus colaboradores do Deza, eran aproximadamente dous batallóns e uns 80 xinetes dacabalo que transitaban polo val do Ulla dirixíndose cara a Santiago. Porén á tardiña abandonan a estrada e toman un desvío cara á esquerda en dirección a Padrón. Aínda que a información non era de todo falsa, si eran erróneos os datos sobre a cantidade e número da tropa que pertencía á división do xeneral Rodríguez Soler e Chinchilla. Non obstante, non era nin a metade do groso das forzas pois por detrás viñan máis efectivos ao mando de Concha, quen tamén tomaría o mesmo desvío, unhas horas máis tarde, para finalmente rematar en Baamonde e reunificar o seu exército.

Roteiro das tropas sublevadas do mariscal Solís, que marchan dende Santiago a Montouto, Cacheiras, Teo coa idea de presentar batalla ás de Concha. Día 23.04.1846 (gráfico 3)

Solís dese xeito pon en práctica unha nova táctica: ir á procura do inimigo. Deste xeito, á primeira hora do día 23 de abril de 1846 (pasados só uns minutos das doce da noite) ordena ás tropas de Santiago e aos avanzados da Ponte da Rocha, que se dirixan cara Montouto en Cacheiras pola Ponte Pedriña e o Castiñeiríño.

O percorrido resultoulle longo e pesado polo paso dunha ponte (¿Ponte Pedriña?) que dificultaba o avance pois impedía o paso de máis dunha persoa á vez. Esta situación ocasionou que a marcha de só 4 quilómetros tivese unha duración próxima ás catro horas.

Á chegada do exército de Solís a Montouto tería lugar sobre as 3 ou 4 da mañá. Os soldados tentaron descansar e durmir algo en

1 PORTO, Juan do: *Reseña histórica de los últimos acontecimientos políticos de Galicia*. Imprenta de la Viuda de Burgos. Madrid, 1846

GRÁFICO 3: Desprazamento das tropas revolucionarias do mariscal Solís




Gráfico elaborado sobre foto aérea do voo americano (1956). Idea concibida por Guillermo González Raviña e realizada co apoio da Concellaría de Cultura do Concello de Teo

improvisadas tendas ou nalgúns cubertos e alpendres da veciñanza da parroquia de Cacheiras.

Paralelamente, o núcleo principal dos dirixentes ó fronte da Xunta foxen. Saen de Santiago polo antigo camiño real a Padrón en dirección a Ames, atravesan a parroquia de Calo (Teo), logo Rois e Padrón, o destino final era Vigo, onde o día 26 embarcarían cara Portugal para pasar un tempo exiliados.

Estratexias e situación do xeneral Concha e tropas.

05 h do día 23.04.1846

Ás 5 h do día 23 o xefe do exército nacional xa é coñecedor da situación das tropas de Solís, acampadas en Montouto, e da fuxida dos políticos pola estrada de Santiago a Padrón. Os seus exploradores traballaron durante a noite e a esa hora chega a información a Santa María de Baamonde. Concha interpreta que as tropas de Solís tratarían de fuxir polo camiño que dende Cacheiras conducía a Padrón e nese momento organízase para tratar de cortarlles o paso. Ao mando de dous escuadróns de cabalaría sae en dirección á Ponte de Bea (hoxe Pontevea). Recolle no comunicado emitido ó termo do día que como apoio manda tamén ao xeneral Rodríguez que se desprace ao mesmo lugar con parte da súa división (Batallón de Guadalajara, 2 canóns e parte dun escuadrón de cabalaría).

Roteiro nº. 1 do gráfico citado, que inicia o xeneral Concha coa pretensión de cortar a fuxida das tropas de Solís, dende as 5 horas do día 23.04.1846

En cor verde podemos ver o desprazamento de José Gutiérrez da Concha e os seus escuadróns. Concha pensa tamén que o motivo de que as tropas de Solís acampasen en Montouto é debido a proximidade de Concha en Baamonde. Alí parou o seu recorrido pois non quere arriscarse a seguir camiño cara Padrón. Non obstante, o xeneral tenta pechar esta posible saída cara Padrón polo que, desprázase cara Pontevea para cerrarlles o paso. Toma a vía máis recta dende Baamonde á Pontevea:

Esta dificultosa senda desde a reitoral de Baamonde iníciase polo lugar do Coto (Baamonde), logo pasa polos lugares de Outeiro e

GRÁFICO 4: Roteiros das tropas isabelinas desde Baamonde, Teo




Gráfico elaborado sobre foto aérea do voo americano (1956). Idea concibida por Guillermo González Raviña e realizada co apoio da Concellaría de Cultura do Concello de Teo

Gondelle (Santa Eulalia de Oza). Segue ó carón da igrexa de Vilariño e da aldea de Cerdeira na mesma parroquia para alcanzar Olveira e a aldea do Cruceiro (topónimo que naquel tempo facía alusión ao que hoxe é Pontevea na parroquia de Santo Cristovo de Reis). Ao chegar divisa toda a contorna, o rueiro das casas do Cruceiro e as terras lindeiras do val do Ulla entre os termos municipais de Teo e A Estrada. Como nada atopa preocupante, decide seguir o camiño, que indican os mapas do exército (elaborados polo capitán Juan Coto-relo en 1842) e guiado polos exploradores avanza polo Camiño dos Arrieiros, que procedía da Estrada cara Santiago.

A marcha é rápida en dirección á capital e pasa polas aldeas de Chao do Río e da Florida, onde abeberan os seus cabalos (San Miguel de Rarís). A ruta por este lugar supera unha pequena cota e enlaza coa parroquia de Santa Mariña de Lucí, onde radica o actual consistorio teense. Logo supera o pequeno río Tella e a parroquia de Recesende. A pouco máis dun quilómetro, ó abrente, chega á parroquia de Cacheiras e divisa o movemento das tropas de Solís na aba do Montouto.

O referido comunicado do que nos fala Concha resume o seu paso por Teo e a posterior Batalla, destaca o intre xusto no que olla aos rebeldes na faldra de Montouto. Malia todo, aínda tería que agardar varias horas ata reunificar o groso das tropas que trasnoitaran en Baamonde, nun punto protexido que situamos entre as aldeas de O Piro, Castres, Santa Eulalia en Oza e a aldea de Feros en Cacheiras. Almorza e descansa onda os seus xinetes; mentres, os seus exploradores analizan a situación e defensas que instala o exército de Solís nos cumes e outeiros da zona norte da parroquia de Cacheiras. Manda correos a Baamonde para que os batallóns inicien a saída cara ó lugar onde el se atopa e dá aviso a Rodríguez Soler para que retroceda a Baamonde.

Roteiro nº 2 (gráfico 4): movementos do xeneral Rodríguez Soler

Ás 05 horas da mañá do día 23.04.1846, Concha dá orde ao xeneral Rodríguez para saia cara á ponte de Bea con parte da súa división. O obxectivo é proporcionarlle apoio no caso de que fose necesario.

Indícase no gráfico coa cor violeta. Rodríguez parte co batallón de infantería de Guadalajara, dous canóns e un grupo de cabalaría dende a igrexa de Baamonde en dirección á Cruz de Lamas e segue o «Camiño do Francés» (antiga ruta identificada por Antonio López Ferreiro como parte da vía XIX romana) que transcorre por onda a aldea de Noceda, Campos (Santa María de Teo), alto de Vilariño e baixa ata Xermeade xa na parroquia de Santo Cristovo de Reis.

Como sinalamos anteriormente, Concha ao chegar a Cacheiras, manda un comunicado a Rodríguez, ordenándolle que volva a Baamonde.

O libro de Porto, refire que nese momento e dende a zona do cumes de Montouto, Solís e a veciñanza de Cacheiras divisan as tropas do exército de Concha saíndo de Bamonde sobre as 8 h. e outras máis ó lonxe nos outeiros de Vilariño e que Solís mal interpreta como a posible avanzada do exército de Rubín de Celis na retagarda das tropas de Concha.

Evidentemente este segundo grupo de tropas non era as de Rubín de Celis senón a división que Concha enviara cara Pontevea baixo a tutela de xeneral Rodríguez Soler, pois segundo a contra orde que lle envía Concha regresaba cara Baamonde. Este feito impídelle a Soler chegar a tempo de intervir na primeira fase da Batalla de Cacheiras e será pola tarde cando a súa participación cobre maior protagonismo nas rúas de Santiago, sobre todo na zona de Belvís, Rúa de San Pedro e Porta do Camiño.

Roteiro nº 3 (gráfico 4): ruta dos coroneis

Saen ás 08 horas do día 23.04.1846 dende Santa María de Baamonde, camiño á batalla.

No gráfico, indícase o percorrido en cor verde. Inician a marcha os batallóns de infantería: «2º de América» ao mando do coronel Francisco Lersundi Ormaechea; «o batallón da Raíña» (asignado a Concha; pero que debe guiar o seu xefe de estado maior Sr. Eulate); o «3º de América» ao mando do coronel Chinchilla e o «Provincial de Mondoñedo» ao mando do coronel Cachafeiro; tamén marchan as dotacións de 4 canóns e os carros con municións, provisións, maquinaria militar, equipaxes, etc.

Avanzan pola aldea de Tribaldes con Lersundi, pasando en primeiro lugar pola ponte do Recobio sobre o río Santa Lucía, que fai de linde entre as parroquias de Oza e de Baamonde. Neste punto fórmase un tapón ao paso dos carros pola estreiteza da ponte, o que provoca que outra parte das tropas sigan o camiño que leva ata o seguinte paso do río en terreos de San Andrés de Illobre en Vedra, onde tamén cruzan o río pola pequena ponte da Carreira próximo ao lugar de Eo dos Ferreiros (Oza-Teo). Despois do Recobio a subida polo lugar de Vilanova é complicada polas pronunciadas costas e o barro acumulado nos estreitos camiños, onde os animais que empurraban os carros deberon sufrir moito para poder desprazar as inxentes cargas que levaban ata logra chegar ó Santuario da Santa Eufemia (onde naqueles tempos se celebraba unha importante romaría e feira ó mesmo tempo). Foi o lugar de reencontro das forzas logo de vadear o río Santa Lucía por dous pasos distintos. Pouca tempo despois, e non lonxe de aquí, prodúcese o reencontro xeral ó reunirse tamén coas tropas de Concha e a súa cabalaría.

Avanzan xuntos cara a Cacheiras, entrando pola aldea de Feros, onde ás 10 horas da mañá do día 23.04.1846 o xeneral Concha empeza a distribuír as súas tropas e faino colocando os seus batallóns estratexicamente en función da situación das unidades do exército sublevado e así facérenlles fronte.

10 h do día 23.04.1846. Presentación das tropas que combateron na batalla de Cacheiras

Solís, ás 8 horas e dende o alto de Montouto, vixiaba os movementos das tropas que por Baamonde iniciaran a súa saída. Pouco despois xa percibe a chegada das tropas á contorna da Santa Eufemia e comeza a situar as súas forzas seguindo unha disposición diagonal, que avanzaba dende o núcleo da Póboa en dirección Sur- Este. Considera que será chave na defensa das súas posicións o flanco dereito da cordal do Montouto que mira ao sur e por onde transcorre o camiño de Santiago que ascende ó cumio.

No gráfico 5 represéntase en cor vermella a disposición das tropas sublevadas, organización, e disposición que establece o mariscal Solís, tendo en conta o criterio xeográfico referido e sitúa pola dereita

GRÁFICO 5: Batalla de Cacheiras, Teo




Gráfico elaborado sobre foto aérea do voo americano (1956). Idea concibida por Guillermo González Raviña e realizada co apoio da Concellaría de Cultura do Concello de Teo

aos gardas civís, nas proximidades do lugar da Póboa (aínda que sería por pouco tempo pois ante as incursións do exército de Concha pola zona central, Solís retíraos deste punto e recolócaos no centro da súas defensas preto dunhas casas, posiblemente na zona da aldea da Ribeira). Están ao mando do oficial de artillería don Eduardo Ruiz Pons (veterano militar mutilado que participara previamente na defensa da praza da Coruña en 1823, onde perdera os brazos na explosión dun canón).

A continuación, sitúa ao Batallón 2º de Zamora (batallón de elite cuns 1.000 homes con praza na Coruña, o primeiro en sublevarse). Nel sobresaían os capitáns Manuel Ferrer, Jacinto Dabán, Fermín Mariné e Ramón Lloréns, supeditados ás ordes dos seus superiores o Comandante Solís e o Capitán Buceta.

O Batallón Provincial de Gijón, procedente da praza de Lugo, emprázase na zona das Brañas dos Alféreces (paraxe próxima ao que hoxe é o Hotel Congreso de Cacheiras). Tiña unha dotación duns 150 soldados e destacaban os capitáns don José Martínez e don Felipe Valero.

Xunto ao anterior estaba o Batallón de Segovia, procedente de Pontevedra, cuxo mando recaía no comandante don Ramón María Vaamonde (natural de Ourense, que estivo prisioneiro no Mosteiro Santo Martín Pinario, onde, tras a rendición dos oficiais aproveitou para esconderse e fuxir ó día seguinte). Neste batallón estaban tamén os capitáns don Juan Sánchez, don Ignacio da Infanta, don Santiago da Chave e don Francisco Márquez. O número de efectivos debía de achegarse aos 500 soldados.

Entre a zona do lugar da Ribeira e as proximidades da ermida do Raxó, emprazáronse os 20 lanceiros de Villaviciosa con sede en Santiago; dúas compañías de milicianos (unha especie de policía formada con voluntarios e estudantes asignados a última hora, máis os membros do chamado Batallón Literario con algo máis de 300 membros). Ó mando desta tropa ía o capitán Martín Velasco, tamén comandante xeral da provincia da Coruña. Dentro do Batallón Literario exercían de capitáns don Antolín Faraldo, don Antonio Romero Ortiz, Garea e outros que para tal ocasión foran ascendidos polo mariscal Solís. A compañía dos licenciados tamén se sitúa na

zona. Estaba composta por ex-soldados alistados novamente para a ocasión, un grupo próximo ao centenar de efectivos ó mando de don Víctor Cobián.

Estaban tamén presentes 25 efectivos das milicias nacionais, unha especie de «gardas da liberdade»; o seu mando recae en don Pedro Fernández Taboada; tamén 150 gardas civís (ao mando don Eduardo Ruiz Pons, xa identificados anteriormente), que actuaban de comodíns pois a súa situación non era fixa e desprazábanse rapidamente para reforzar os postos máis problemáticos.

Finalmente estaban os carabineiros, corpo que exercía a vixilancia e control das portas ou o exercicio de taxas a cobrar, e de cuxo número exacto de efectivos na Batalla non temos coñecemento.

As tropas de Concha significámolas coa cor verde. Sitúan o groso das forzas distribuídas de xeito contrario ás tropas rebeldes para facerlle fronte e deixa na retagarda á cabalaría na parte sur do lugar de Feros. Coloca tamén o Batallón de Mondoñedo (ó mando do coronel Cachafeiro) no espazo situado entre os lugares de Feros e a Torre e Raxó.

Distribúe de xeito progresivo as forzas e coloca en zonas estratéxicas as pezas de artillería con que conta, á esquerda do batallón de Mondoñedo e próximas ao camiño principal a Santiago.

Pasan o chamado Rego da Auga que baixa pola aldea da Ribeira e atravesan esta corrente con certa dificultade pois non poden empregar o «pontillón da Ribeira» por atoparse en mal estado. É tal o deterioro que foi un dos motivos polo que o xeneral tome nota da situación e envíe un comunicado ao alcalde de Teo para que proceda o seu arranxo (tal comunicado recóllese nunha acta dunha comisión municipal na que os edís dan orde a un «canteiro» para efectuar dita reparación da ponte en cumprimento do ordenado por Concha)

O xeneral sitúase no camiño de Santiago e alí presenta ao seu batallón, «o da Raíña» e logo procede a colocar o 2º Batallón de América (ao mando do coronel Lersundi) e o 3º de América (ao mando coronel Chinchilla e comandante Ramón Solano), o situado na zona máis ao Noroeste.

A batalla

As hostilidades comezan sobre as 10 h da mañá e as operacións de ataque iníciáas o Batallón 2º de América, cuxas compañías de zapadores progresan pola zona central.

Ambos os exércitos realizan ataques continuos que alternan con desprazamentos defensivos. Soa un continuo tronar da artillería de Concha (4 canóns), que non ten descanso así como o estrondo dalgún edificio derrubado ou muro que se esborralla polas continuas descargas. Resoan asemade os berros dos combatentes, que lanzan as súas consignas ao ar para alentar aos soldados: *Viva a Raíña e morran os traidores!* no bando nacional ao que replican os sublevados: *Viva a raíña libre e constitucional, abaixo a ditadura!*

A sorpresa e pavor incide tamén na veciñanza e provoca que moitos fuxan despavoridos e procuren pórse a salvo. Os laios e queixumes dos feridos ou moribundos, os toques de trompetas e o son dos tambores completan un estrondo que impón enorme temor e arrepió na veciñanza da parroquia de Cacheiras que daquela achegábase ós 900 veciños. De súpeto, atopábanse nunha espiral de violencia da que non podían saír coas vivendas moi preto da liña de combate. Pasan os minutos e tras a primeira hora as tropas de Lersundi gañan terreo polo centro, non sen perder efectivos polo camiño. Ambas partes loitan nunha encarnizada pelexa que deixa un regueiro de morte e terror. Combaten con valentía e inicialmente semella que ninguén logra alcanzar certa supremacía na batalla, as forzas aínda eran parellas. O lugar convértese nun verdadeiro inferno, os berros multiplícanse e o horror chega a todos os recunchos da parroquia. As miradas duns e doutros non albiscan ningún raio de luz, nin esperanza; aos seus oídos non chega ningún son apracible, todo é axitación sen repouso, pranto intermitente e pesar sen consolo.

As casas e alboios onde se parapetaron os garda civís son atacadas pola artillería e tras varios intentos logran alcanzar as vivendas que pasan ó control do exército nacional, non sen deixar numerosas baixas.

Na zona das Brañas dos Alféreces (microtopónimo actual que procede destes feitos de 1846) sucédense escaramuzas protagonizadas polos militares do Batallón de Gijón en confrontación con

outros da raíña. Na actualidade, daqueles feitos sofistican as placas que nomean a nova urbanización que se ergueu neste sitio.

Na fronte esquerda estaban as tropas do exército sublevado ao mando do capitán Velasco coas compañías de milicias, o Batallón Literario e parte da Garda Civil logo do seu repregue (perderan a súa posición inicial e son enviados a fortalecer este punto). Con iso tentaba Solís facer comprender a Concha que este franco era case inexpugnable polo grande número de efectivos que contaba. Nesta zona houbo unha especie



Muíño do Raxó, á beira da ermida, zona do territorio, onde operaban as tropas rebeldes ao mando de Velasco. Óleo de Guillermo González Raviña

de loita de guerrillas con incursións dos sublevados na zona da Torre e Feros.

Tales feitos chegaron á nós de xeito oral a través das lembranzas dos avós que pasaron dunhas xeracións a outras ata os nosos días. Narracións tan emotivas e detalladas que denotan a súa veracidade.

Concha percibe que nesa zona existía grave risco e dispuxo que a súa artillería incrementara a súa acción nese punto, con disparos de canón sucesivos contra as posicións de vangarda de Velasco.

Ao redor das 12 horas o fogo da artillería é cada vez máis intenso incidindo sobre as posicións centrais do exército de Solís, quen entón se decata da superioridade das forzas de Concha, sobre todo tralo movemento envolvente que efectúan dous batallóns de Concha que rodean e asfixian as súas liñas.

O feito decisivo, do que non logra decatarse o mariscal ata que xa é tarde, é a chegada das tropas de Concha polas súas costas. Este, canso de non lograr superar á ordenada defensa do exército de Solís, na zona central do fronte, move rapidamente a súa cabalaría con el ao fronte. Deste xeito, logra unha manobra envolvente que rodea o franco dereito do exército de Solís e de contado sitúase tamén actuando sobre o eixe central dos sublevados repercutindo polas súas costas (entre estes e a cidade de Santiago) e carga contra o 2º batallón de Zamora que logra ter prisioneiro durante uns minutos. Só logran fuxir ó repregarse polo medio do rueiro de casas na zona norte da parroquia. Neste sitio, Solís logra rachar o cerco cun intenso contraataque que causa tamén importantes baixas na cabalería de Concha.

Deste xeito o 2º Batallón de Zamora reorganizase e foxe desta especie de trampa que tentara deseñar Concha. Porén, o xeneral si logra facerse con grande parte dos carros cargados de víveres, munições, armas, roupas, etc... segundo recollen diversos documentos que custodia o Arquivo do Instituto Padre Sarmiento. A réplica de Concha tamén ocasiona moitos mortos e feridos entre as tropas de Solís.

Ao redor das 12,30 do mediodía, Solís ordea recuar ao franco esquerdo (que dirixía Velasco), a fin de que non sufrise as acometidas da forza inimiga. Ao mesmo tempo o Batallón 2º de Zamora, que lograra desfacerse do xugo imposto pola cabalaría de Concha, inicia tamén a retirada organizada mediante relevos dos seus soldados.

Este ataque e a correspondente vantaxe do xeneral deu motivo a que, según Porto, os provincialistas Faraldo, Rúa e Romero Ortiz usasen moitas liñas para tentar desprestixiar á figura de Concha e criticar a súa falta de planificación e coñecemento do terreo. Sinalaban que non coñecía Galicia, que era un simple soldado con fortuna que tivo a sorte de cara na batalla.

¡Nada máis lonxe da realidade! se lemos con detalle as biografías e documentos relacionados co xeneral don José Gutiérrez de la Concha, comprobaremos a súa destreza e manexo destas situacións bélicas, xa durante as guerras carlistas preparaba a conciencia as batallas, estudando os lugares onde tiñan lugar polo que lograba atopar

o xeito de rachar as filas inimigas. Ás veces infiltrábase entre as filas dos inimigos para estudar os seus movementos e observar as súas defensas, co risco que isto supoñía para a súa vida.

En Cacheiras desde logo a súa acometida polo lado esquerdo das forzas de Solís debeu de estar dirixida e apoiada por algún explorador, ben coñecedor do terreo, pois de non ser dese xeito non tería o éxito acadado polo intricado e dificultoso do terreo nesta zona da cordal de Montouto.

É certo que Concha non coñecía Galicia pero, sen dúbida, estudou a conciencia os escenarios onde tivo lugar aquela batalla da parroquia de Cacheiras. Alén disto, aproveitou ben o percorrido previo ó abrente do día 23, que arrincou en Baamonde e chegou a Pontevea, para logo seguir o Camiño dos Arrieiros para dirixirse cara Santiago. Sen dúbida, neste desprazamento que atravesou os lugares de ata oito parroquias teenses (Santa M^a de Baamonde, Santa Baia de Oza, Santo Tomé de Vilariño, Santo Cristovo de Reis, San Miguel de Raris, Santa Mariña de Lucí, San Xoán de Recesende e San Simón de Ons de Cacheiras) foi tomando boa nota da xeografía teense. Pola parroquia de Santa María de Teo, non percorrida por Concha, tamén pasaron as súas tropas ó mando do xeneral Rodríguez Soler que aquela maña dirixiuse dende Baamonde a Pontevea por esta parroquia. En resume, case nove das doce parroquias teenses foron partícipes daqueles feitos.

Concha, de regresou en Madrid, queixouse nos seus informes, da miseria e pobreza do pobo galego e das nefastas vías de comunicación que dificultaron enormemente o desprazamento do seu exército. Aquelas protestas precipitaron, «anos máis tarde», a construción da estrada que conduce dende as vilas de Cuntis e da Estrada ata Santiago de Compostela, sobre os trazados dos camiños reais previos.

Durante a retirada ou fuxida do exército sublevado, comezan as discrepancias entre Solís e o seu segundo, o capitán Buceta, quen lle propón dirixirse cara Padrón aproveitando as elevacións do terreo desta cordal montañosa do norte da parroquia de Cacheiras, pois coma parapeto defensivo impedirían que as tropas de Concha puidesen frear a súa fuxida cara a capital do Sar. Solís, confiado,

replícalle que a pesar da forza do inimigo non había motivo de tanta preocupación; seguía a confiar na chegada do exército de Rubín de Celis dende o sur na súa axuda. No fin, sería outro erro lamentable como os que tivera en Sigüeiro ao non entrar en combate sen aproveitar a súas vantaxes naquel intre.

En Cacheiras, segundo Francisco Tettamancy, os mortos entre ambas forzas rondaron os 60 soldados e houbo algo máis de 180 feridos.

A contenda ou persecución prosegue polo Concello de Conxo, limítrofe co de Teo e remata á noitiña en Santiago.

A situación de cada bando, a desorganización que se produce entre uns e outros, provoca que moitos militares se dispersen durante a fuxida, o feito de levar ambos exércitos o mesmo equipamento foi outro dos problemas que afectou a ambos bandos, provocando moitas confusións.

Por unha banda, a ampla maioría das tropas de Solís seguen a mesma ruta polo camiño do Outeiro ata o Castiñeiriño e chegando a Santiago polo Hórreo e Sar, ata entraren no casco antigo. Porén, houbo un bo número de soldados que, ó dispersarse, chegaron as aldeas do concello de Conxo (naquel tempo aínda concello) onde tentarían reagruparse e facer fronte ao avance das tropas de Concha.

Por outra banda, Concha manda a esta zona de Conxo ao coronel Lersundi co batallón 2º de América e o da Raíña e tamén algunhas compañías do Batallón de Mondoñedo, parte da cabalería e un canón para ir «limpando» de inimigos estes terreos e anular calquera tentativa de fuxida.

En Conxo, un grupo de sublevados apoderouse de varias casas no arrabalde onde houbo novos combates de grande intensidade, cunha enorme cadencia de fogo de fusís contra as primeiras compañías do batallón 2º de América. Tal situación provocou entre os soldados de Lersundi un enorme desacougo e indecisión. Este temor, tamén incitou a algunhas tentativas de fuxida para salvar as súas vidas.

O coronel percibe a situación de medo nos seus soldados e a perda da vantaxe que supoñía a colocación previa sobre os mellores puntos no terreo. Arenga os seus soldados para lles dar novos pulos e levantarlles a moral.

GRÁFICO 6: Asalto a Santiago, 2370471846




Gráfico elaborado sobre foto aérea do voo americano (1956). Idea concibida por Guillermo González Raviña e realizada co apoio da Concellaría de Cultura do Concello de Teo



Ponte da Rocha, onde se dirimiu un cruento e encarnizado combate polo seu dominio.
Óleo de Macaco

Con tal mentalidade é como con dúas compañías de granadeiros lánzase contra o inimigo, logrando desaloxar varias casas e durante a acción deixa abundantes baixas entre os rebeldes (ver gráfico 6, onde ilustramos os feitos e episodios máis relevantes da tarde do 23.04.1846 en Conxo e Santiago).

Os problemas non terminaron nese lugar, pois esta tropa tivo que pasar inmediatamente á zona da ponte da Rocha na entrada a Santiago, onde segundo todas as informacións houbo unha cruenta carnicería humana, con outros 60 mortos entre ambos dous exércitos.

Esta contenda debeu ter grande relevancia naquel nefasto día pois ata un artista da época realizou un gravado plasmando este combate. Obra artística que emprega Tettamancy a modo de ilustración, nun dos seus libros. Deste combate, existen dúas versións. A primeira débese ó biógrafo de Lersundi (Vargas Machuca), quen refire os

feitos para enxalzar a figura deste militar e o seu relevante papel na contenda que propiciou o seu ascenso a xeneral de brigada.

Tamén recolle que o número de efectivos dos sublevados era de aproximadamente un batallón. Sobre esa enorme cantidade Tetamancy, que estudou ao miúdo o tema, acláranos como aquelas tropas de Solís formaban aproximadamente unha compañía ao mando dun sarxento e que defenderon bravamente as posicións na ponte da Rocha.

O ataque á ponte con Lersundi e o capitán Gelabert ao fronte foi unha verdadeira carnicería e precisamente no asalto, o propio Gelabert perde a vida. Trala eliminación destes redutos nos enclaves de Conxo, Lersundí reorganiza a tropa e con ela avanza en dirección ó centro da capital xacobeá.

Arrabaldes de Santiago, Ponte Pedriña, Sar e Pitelos

O xeneral Concha toma protagonismo coa súa cabalaría; manda a algo máis dun pelotón dirixirse cara a Pontepedriña co fin de frear a fuxida duns carros conducidos por granadeiros dos batallóns de Segovia e de Gijón; estes levan as poucas municións que quedaban e nos arredores da ponte, as caixas cos cartuchos caen e espállanse polo chan, no intento de recollida do material bótaselles enriba a cabalaría.

A disputa que se organizou foi maiúscula e a defensa dos soldados de Segovia, que se situaron nun das marxes da estrada, foi ineficaz, pois á hora de disparar aos xinetes da raíña, non o puideron realizar, debido a que, no outro marxe da vía, situáranse mal os do Gijón. Unha mala estratexia que só lles permitiu a fuxida cara a cidade para salvar a vida. Foi outro golpe mortal para os intereses do exército sublevado que lles deixou sen munición.

Concha no seu labor de «limpeza e varrido» dos rebeldes fixo un exhaustivo control da zona de Sar e de Pitelos, por onde aínda quedaba algún reduto de tropas de Solís que serían sometidas drasticamente.

O asalto a Santiago

Como vimos contando, Concha desprazábase cara á cidade polo camiño que dende Cacheiras chegaba a Ponte Pedriña. Ruta empregada previamente pola maior parte das tropas de Solís, e posteriormente, na súa persecución, Concha con gran parte do seu exército.

Nese momento, Concha xa integrara os soldados que chegaran co xeneral Rodríguez Soler, que non participaran en Cacheiras polo atraso ocasionado na incursión en apoio a Concha na vila de Pontevea.

Ordena, que dende a zona de Belvís, onde se sitúa ao xeneral Rodríguez con varios canóns, realice un disparo de alerta para que todas as forzas entren en Santiago.

Rodríguez e Chinchilla farano por Belvís co 3º de América, o de Guadalajara e parte da artillería. E Concha, entrará pola rúa do Hórreo con parte do batallón da Raíña, un escuadrón de cabalaría e un canón.

A Lersundí, que finalizara as súas acometidas en Conxo, mandá-selle que faga a entrada polo Camiño Novo.

Unha sección da tropa, partindo da Carballeira de Santo Lorenzo e mosteiro do mesmo nome tratará de alcanzar o mosteiro de San Martiño Pinarío polas costas do Cristo e San Francisco (tal vez vaian ao mando de Cachafeiro, do cal pouco fala o libro de Porto). Para iso situaron un posto de vixilancia no río dos Sapos, que foi atacado erroneamente pola artillería de Concha. Tivo que ir o tenente Lázaro Alcalá cruzando rapidamente as liñas na procura do xeneral para pedirlle que cesara nesa sucesión de canonazos contra as forzas amigas.

O xeneral deu orde de que se saísen de alí e aproveitou para mandar á tropa que se quitara os morrións do casco (unha especie de tea pintorlada pegada ao sombreiro).

Deste xeito poderíanse distinguir os soldados de ambos exércitos. Non obstante, os sublevados coñecedores de tal argucia, imitárona e se cabe houbo aínda máis confusión.

A tropa do coronel Lersundi ocupará a zona da Alameda e a carballeira de Santa Susana (antigo lugar da feira); por alí efectuarán unha especie de «varrido e limpa» de soldados rebeldes, xeralmente

dispersos, que atacaban de forma súbita e recuaban cando as municipais xa escaseaban.

Desa zona, arredores do templo de Santa Susana, fálanos unha publicación recentemente editada polo Departamento de Cultura de Santiago², que sinala que alí, realizáronse varias gabias onde se enterraron os cadáveres dos soldados falecidos nos cruentos combates da capital e tamén os feridos que faleceron posteriormente no hospital de Santiago.

Estas tropas proseguirán, máis tarde, as súas accións por San Clemente, as rúas do Franco, O Vilar e Rúa Nova. En torno ás 18 horas terán grande protagonismo nas encarnizadas accións que terían lugar na redonda do mosteiro de San Martiño Pinario.

A Rodríguez Soler cos batallóns 3^o de América e o de Guadalajara ordénanlle que se aproxime á zona de Belvís dende onde debe procurar asegurar a entrada á cidade. Neste punto colocará as baterías de artillería coa intención de bombardear a zona do mosteiro de San Martiño Pinario (que será empregado a modo de acuartelamento polos sublevados) e contorna.

As explosións dos canóns que disparaban dende Belvís era tan estrondosos que se oían en Sigüeiro, como recollen as actas plenarios que atesoura o seu arquivo municipal. De xeito secundario, serviron tamén para manter recluída nas súas vivendas á veciñanza de Santiago, atemorizada polo que estaba a acontecer.

Segundo Tettamancy, o alcalde de Ordes pasou unha comunicación ao brigadier Mac Crohón, apostado en Portazgo (A Coruña) que dicía: «Neste momento, son as tres e media da tarde e acaban de facilitarme un parte dun dos vixiantes, que con antelación tiña apostado no Tambre, indicando que nas inmediacións de Santiago había lumes produto das batidas, sen que neste momento poida dar outra noticia».

Outro curioso enfrontamento coméntasenos no libro do Porto; nas proximidades da praza de abastos, unha compañía do batallón de Guadalajara, que avanzaba desde Belvís polo canellón das Trompas, tivo que frear o seu avance debido ao intenso fogo de fusilaría

2 *A Compostela da Revolución de 1846*. Caderno 6. Edición do Concello de Santiago de Compostela, 2022.



Panorámica do lugar que hoxe coñecemos como Praza de Galicia e inicio da rúa das Orfas. Desde a data da Batalla poucos cambios se observan, agás o edificio do lado dereito da obra. Naquel tempo era a sé da Santa Inquisición, derruída en 1930 para construír o actual hotel Compostela. Foi lugar dun enconado enfrontamento, onde Concha con sumo furor púxose á fronte da cabalaría e nun pequeno instante esnaquizou aquel baluarte defensivo. Idea concibida por Guillermo González Raviña e óleo do pintor Macaco.

que realizaban 6 granadeiros apostados no alto do Torreón do Picho ou Ensino (era esta unha torre defensiva da antiga muralla de Santiago e que sería derruída anos máis tarde coas obras do mercado de abastos). Deste xeito, o canellón quedou inutilizado pola acción deses soldados. A consecuencia foi que a tropa asentada en Belvís tivo que tomar o camiño cara á Rúa de San Pedro para dirixirse á cidade pola Porta do Camiño.

Concha, que terminara a limpa na contorna de Pitelos, chega ao final do Hórreo, onde estaba o antigo edificio da Santa Inquisición.

Alí algo máis dun pelotón das tropas de Solís presentaron batalla, e lograron por un tempo frear enerxicamente a un grupo da infantaría nacional. Porén, finalmente non puideron soste as tropas do exército de Concha que avanzaron lentamente ata a Porta da

Mámoa (antigo túmulo megalítico existente en tempos da creación da muralla e da aludida porta, hoxe na entrada da rúa das Orfas).

Os soldados rebeldes tentaban impedir o avance e mesmo lograron amedrentar aos soldados de Concha polo perigo que supoñía o lume que saía de tal atrincheiramento. Concha tivo que dar alento aos seus, mostrar a súa coraxe e valentía para poñerse ao fronte dun grupo de cabalaría, que de súpeto atacou de forma impetuosa e desbocada aos atrincheirados, desbaratando o grupo e deixando un bo número de cadáveres no chan.

O xeneral prosegue as súas accións pola Fonte de Santo Antonio e nos arredores da Torre do picho ou ensino desbarata ao pelotón que bloqueaba o paso das tropas dunha compañía do Guadalajara, que desde Belvís se dirixira á zona da praza de abastos.

Concha sobre as 17 horas dá enérxicas ordes para desmantelar os últimos redutos que mantiñan os sublevados nas rúas da améndoa da cidade, e, ao mesmo tempo, tratar de expulsar de alí os militares sublevados refuxiados en Fonseca, o Palacio Episcopal, San Paio, na catedral, na praza de Cervantes e as casas do arredor, na Acibechería... Nesta última rúa, prolongación da praza de Cervantes, os sublevados encerráronse nas casas e defendéronas con certo éxito pola extremada furia empregada. Os soldados nacionais tiveron que tomar o centro da cidade combatendo casa por casa, deixando numerosos regueiros de sangue polo pasamento de moitos soldados. Mesmo chegaron a empregar os canóns en certos puntos para derribar algunha porta ou zonas bloqueadas dos sublevados que resultaron moi conflitivas.

Solís tivo novas de que no Mosteiro de San Martiño quedaban municións e deu a orde de recuar cara esta antiga edificación. Porén, esta idea produciu un novo enfrontamento co seu segundo, Buceta, que ao escoitar a citada orde tenta tomar o mando da tropa, comprometéndose a salvar o exército, e seguir coa retirada cara o Monte Pedroso. O enfrontamento entre Solís e Buceta foi moi forte; Solís seguía a insistir na pronta chegada de Rubín. Buceta non calaba e replicaba, con razón, que Rubín non ía aparecer e que as escadas do mosteiro serían as do «noso patíbulo». Para que subilas, se aínda temos campo aberto para morrer con gloria?, preguntábase. Esas

e outras consideracións dixerónse ata que finalizou Solís cortando a discusión ao indicarlle que «a nosa vida pertence á patria, hoxe salvémola aquí ou pereceremos todos con ela; Os covardes teñen espazo libre para marchar onde queiran!» Estas verbas deron por finalizado o encolerizado diálogo e Buceta foi defender unhas das casas inmediatas ao mosteiro.

Concha accede pola praza da Quintana á catedral con membros da súa tropa, rachando varias portas, sen outros danos de consideración. Tras rexistrar as naves pasou á tribuna e dende alí chegou ao pazo episcopal, onde nese momento xa non quedaba ninguén. Unhas horas antes, ao redor das tres da tarde, entrara o capitán Martín Velasco e a súa tropa, levándose consigo secuestrado ao arcebispo Vélez ao que trataron indignamente, cun ton agresivo e ameazas de morte. Tivo que ser Solís, á chegada ao mosteiro, quen se deu conta desta conduta e reprimiu aos soldados, facilitando a Vélez unha habitación na parte alta do edificio para o seu descanso.

É certamente curioso e anecdótico o relato que achega o bispo auxiliar de Santiago referido ó paso de Concha pola catedral e o xeito de dar coa entrada interior ao pazo episcopal a pesar do escondido que estaba. Di Sanlúcar de Barrameda (así se chamaba o bispo) que Concha soubo da entrada ó pasadizo pola intercesión do Apóstolo Santiago.

Posiblemente a praza de San Bieito, Cervantes e da Acibeche-ría foron as zonas de Santiago onde houbo maior derramamento de sangue.

Neste emprazamento, os fusís cuspián lume, mentres as baionetas arroibaban ao cubrirse de sangue O espectáculo debeu ser aterrecedor, uns e outros berraban: *¡Adiante, a eles! ¡Duro, á cabeza!*

As descargas dos mosquetóns e o retumbar dalgún canón eran os sons dominantes, xunto ás balas que asubiaban e rebotaban nos muros e paredes das casas. Uns soldados avanzaban e outros tentaban agocharse onde lles era posible.

O tempo daquela tarde contribuíu a crear unha atmosfera cruenta, por momentos houbo tronos e logo os nubeiros alternáronse con pequenos claros para regresar con forza polos catro puntos cardinais ameazando coas fortes trombas que propiciaban certas treguas nos



Panorámica da praza de Cervantes e principio da rúa da Acibebería onde na tarde do día 23, disputouse o lugar chanzo a chanzo con asaltos ás casas e enfrontamentos a baioneta calada. Idea e cadro de Guillermo González Raviña coas augadoras do lugar

combates. Cando a choiva cesaba, proseguía o fogo, os berros e os laios dos combatentes feridos.

O dantesco espectáculo aterrou á poboación, toda a veciñanza permaneceu agochada no interior das vivendas. Temeuse pola destrución da vila pois moitas vivendas quedaron en ruínas. Co devir do tempo, podemos subliñar que Compostela non sufriu ningunha outra situación tan aterradora e destrutiva como aquela tarde de abril, de lume e ferro como significou Manuel María.



Fachada do mosteiro San Martiño Pinario de Santiago. Serviu de acuartelamento do exército sublevado en 1846, lugar onde a Academia Literaria desenvolvía as súas actividades, o espazo onde se refuxiou o exército de Solís trala batalla de Cacheiras e os combates nas rúas da cidade na tarde do día 23.04.1846. Alí cercou finalmente Concha a Solís e onde se rende sobre as 19,30 h. desa tarde

No interior do mosteiro reinou certo sosego durante algún tempo, aínda que a situación dos sublevados era comprometedor e lamentable, pois a fatiga polo esforzo e os combates durante a fuxida foron moi intensos. A intervención dos organismos públicos durante aquela tarde foi nula. A falta de alimentos tamén contribuía a mala situación dos sublevados refuxiados no mosteiro.

Solís, ao que lle bulía o maxín, reúne ao grupo dos seus oficiais e propónlles, en total harmonía, aproveitar as primeiras horas do anoitecer para tentar saír do mosteiro, tratando de romper coas baionetas a liña do exército de Concha que rodeaba todas as saídas

do edificio, para poñerse a salvo e tentar xuntarse con Rubín. Aínda neses momentos seguía a lembrar a aquel xeneral ó mando da segunda división do Exército Libertador de Galicia que nunca chegou a comparecer.

Toda a oficialidade estivo de acordo, pero cando llo foi propoñer os seus sarxentos e o resto da tropa, estes dixéronlle que desexaban capitular. Dende o exterior, certos oficiais e soldados nacionais estaban a encerrar nos sublevados para lograr a súa rendición e que abandonasen definitivamente as armas. En contrapartida ofrecíanlles a total absolución ós

soldados en futuros procesos militares. Vista a escasa ou nula disposición da tropa pensou na persoa do arcebispo, ao que a súa tropa tratara mal pero non así Solís e colaboradores que se comportaron co maior respecto, en consideración ao seu cargo e idade. Solís e Buceta achéganse ao seu cuarto e pídenlle que interceda por eles. Solicítanlle que faga valer o seu cargo e se dirixa a Concha para que este se comprometa a respectar as súas vidas e que asine uns salvocondutos para poder fuxir ó estranxeiro.

O prelado estivo de acordo e por medio dunha carta chea de fervor caritativo, exhortaba ao xeneral para que admitise as propostas solicitadas, sen prexuízo do que logo puidesen ultimar cara a cara.



Imaxe de Monseñor Rafael de Vélez (arcebispo de Santiago entre 1824-1850). Debuxo de Guillermo González Raviña

Chegado o escrito de Vélez o xeneral Concha le a carta e a arroxa ao chan, para responder enerxicamente, mediante un dos seus oficiais presentes, que non admitiría ningunha tipo de condicións na rendición dos oficiais agás as ofrecidas ós soldados que integraban a tropa do exército sublevado.

Concha nun dos seus comunicados posteriores refire como o seu xefe do Estado Maior, don José Eulate, contactou cos soldados prisioneiros no cuartel-mosteiro aos que informou que non se lles permitiría ningunha outra consideración que a súa rendición incondicional. Xa preto das 19,30 h. da tarde o comandante do 3º batallón de América, don Ramón Solano, púxose de acordo cos sarxentos que falaban polas xanelas próximas á rúa, aos que expoñen que perdoaban as súas vidas pero deberán obrigar aos oficiais a que se entreguen. O comandante Solís escoita a conversa e nese momento comezan a baixar as escaleiras para renderse a Concha.

Dentro do mosteiro os oficiais pediron a Solís que non se entregase pois naquel amplo recinto de máis de dúas hectáreas había sitios abondo onde procurar acubillo. Porén, Solís négase rotundamente e non segue o consello dos seus oficiais, sendo o xefe militar que deu comezo á revolución, di que prefire o patíbulo á deshonra. Non obstante, ó contrario do proceder do mariscal, actúan uns 14 oficiais e mandos, entre os que estaban o xefe do Estado Maior de Solís, don Manuel Buceta e Ramón María Vaamonde, comandante do batallón de Segovia, que se esconderon no interior do Mosteiro ata lograr fuxir ó día seguinte pola parte sur da cidade.

Á saída do mosteiro a entrega dos oficiais prodúcese baixo estritas medidas de seguridade. Entregáronse 1.400 homes, dos cales 61 pertencían á clase de mandos e oficiais. Os xefes e oficiais serían encarcerados nos locais da casa do concello e o día 25 parten cara á Coruña para ser xulgados en Carral, sendo 12 deles fusilados o día 26, Solís e os seus once capitáns.

A resto de soldados da tropa e os sarxentos integraríanse nos distintos batallóns do exército de Concha. Un documento que custodia o Instituto Padre Sarmiento de Santiago relata como arcebispo e xeneral reuníronse posteriormente, seguramente o encontro tivo lugar cando o prelado saía do mosteiro. No seu afán de apoiar os

prisioneiros alegou e suplicou ao xeneral piedade para todos. Non obstante, Concha explicoulle que non o podería permitir tralo grande derramamento de sangue e as numerosas baixas no seu propio bando. Alén disto, xa seguía as ordes do seu superior, o Capitán Xeral de Galicia.

O bispo tentou actuar como un bo cristián, e aínda deteriorado polo paso dos anos e por múltiples circunstancias vividas na súa peculiar loita na defensa do antigo réxime español, tivo arrestos para iniciar unha peregrinación cara a Coruña en prol da amnistía dos prisioneiros, cousa que non conseguiu no caso de Solís e os altos oficiais pero si consegue co resto dos mandos.

Nun comunicado de Concha a Villalonga fala de que os enfrontamentos do día 23 carrexáronlle a perda de 200 homes entre falecidos e feridos; mentres que nun comunicado enviado ao goberno explica que nas rúas da cidade faleceron 30 soldados do seu exército e houbo ata 100 feridos. Habería que tentar coñecer a cantidade dos falecidos en Conxo, onde as antigas crónicas falan doutros 60 soldados entre ambos exércitos, non temos datos de cantos faleceron nun bando e cantos no outro. Na confrontación de Cacheiras houbo 60 mortos e 180 feridos entre ambos bandos. A todo iso, cómpre engadir os feridos falecidos posteriormente no hospital de Santiago, así como os mortos que os veciños de Conxo e Cacheiras trasladaron ata os respectivos camposantos. Doutra banda, na prensa de Madrid, *O pensamento da Nación* refire como entre os dous bandos quedaron fóra de combate sobre 500 soldados entre os mortos e os feridos.

Xa falamos dos prisioneiros que se entregaron ás 19,30 horas no mosteiro; pero sabemos tamén que uns 350 soldados que loitaron nos arredores do mosteiro lograron fuxir esa tardiña polo sur da cidade, e algúns logran chegar ó exilio embarcando no barco Nervión en Vigo o día 26 de abril.

Nese aciago e cruel atardecer o xeneral publica un bando polo que se abren as tendas de comestibles da capital coa prohibición absoluta de subir os prezos dos alimentos. Dúas casas serán destruídas, a do presidente da Xunta de Galicia (Pío Rodríguez), e a dos comerciantes Sierra e Rey (depositarios do diñeiro revolucionario).

Concha queda en Santiago á espera de municións que lle enviará a capitanía xeral da Coruña e terá o seu despacho no palacio de Fonseca, cuxo patio interior serviralle de «aparcadoiro» dos seus 6 canóns. O día 25 sae cara o sur con parte do seu exército co fin de instaurar a orde en Pontevedra, Vigo e outras localidades da costa. Nestas vilas atópase coa situación restablecida e en perfecta harmonía pois os dirixentes da revolta xa fuxiran e volven ocupar os cargos públicos os antigos mandatarios. Chega á fronteira de Portugal, onde mantén conversacións referidas aos exiliados e a finais de mes regresa a Santiago para partir o 5 de maio de volta á corte.

Lugo, a primeira capital que se ergueu contra o goberno de Madrid, vai ser tomada polo Capitán Xeneral da Coruña (Sr. Villalonga), que quere participar nos méritos da acción militar de recuperación da orde preestablecida. Fortemente armado chega a Lugo cos batallóns da Coruña, 1º e 3º de Zamora; Provincial da Coruña (Ferrol), 4 pezas de artillería da Coruña ao que se unen os tres batallóns que chegan de Castela ao mando de Anselmo Blasser (Provincial de León, Provincial de Laredo e o 1º de América). Tamén se lles unen 50 garda civís ao mando de Juan Ferreira Caamaño (Cee), xefe político militar de Lugo e que levaba todo o proceso amolando aos sublevados desde o exterior das murallas con diversas accións. Tan descomunal cantidade de forzas non permitiu ningunha concesión aos 200 soldados con dous canóns fixos, que tralo consabido bombardeo do día 26 e xa na mañá do 27, entréganse á tropa nacional non atopando en Lugo máis que uns 120 soldados (outros lograran escapar durante a noite) e algunhas persoas armadas que pronto depuxeron as armas.

Así terminou un levantamento auspiciado polos liberais progresistas e os provincialistas. Estes tiveron a honra de defender as súas ideas no campo da batalla pero a derrota que lles infrinxiu Concha fixo que non conseguisen os fins e non lograron que os galegos tivesen o desexado goberno propio, dirixido polos propios galegos. O provincialismo desapareceu pois desde entón considerábase algo «vil» do que ninguén quería falar. Porén, xermola de novo o sentir patriótico e un novo movemento chamado o «rexurdimento», de carácter máis cultural que xa emprega o idioma galego como arma

contestataria. Outros movementos culturais e políticos irán agromando co paso do tempo con fins semellantes ao daqueles provincialistas e co mesmo desexo de acadar un estatuto que permitise un autogoberno en Galicia. Todos estes grupos integran o que chamamos galeguismo do que o provincialismo foi o primeiro estadio. O galeguismo culmina en 1981 co actual estatuto galego e o goberno da Xunta de Galicia.

Este artigo foi redactado por Guillermo González Raviña entre maio e xuño de 2023. Trátase dunha breve escolma do libro *A casa reitoral de Baamonde e a Batalla de Cacheiras*, que publicou a Concellería de Cultura do Concello de Teo no ano 2022 e narrado polo mesmo autor.

Bibliografía

- ÁLVAREZ BLÁZQUEZ, Xosé María. *Berro en lembranza dos héroes de Carral*. Real Academia Gallega. Reedición dos Concellos de Teo e Carral, 2008.
- BARREIRO FERNÁNDEZ, Xosé Ramón; BERAMENDI GONZÁLEZ, Xusto et al. «Historia política da Galiza Contemporánea». En: *A Gran Historia de Galicia*, 2007. T. 2 (1833-1874-De Isabel II á Restauración). *La Voz de Galicia*. A Coruña, 2007.
- BARREIRO FERNÁNDEZ, Xosé Ramón: *El carlismo gallego*. Pico Sacro. Santiago de Compostela, 1976.
- BARREIRO FERNÁNDEZ, Xosé Ramón: *El levantamiento de 1846 y el nacimiento del galleguismo*. Pico Sacro. Santiago de Compostela, 1977.
- BARREIRO MALLÓN, Baudillo: «Demografía y crisis agrarias en Galicia en el siglo XX». En: *Actas de las I Jornadas de Metodología de las Aplicadas de las Ciencias Históricas*, Vol. 2, p. 477-504. USC. Santiago de Compostela, 1975.
- BLANCO, Ramón: *Vida e obra de Francisco Añón*. Galaxia. Vigo, 1976
- CARO BAROJA, Julio: *Historia del anticlericalismo español*. Caro Raggio. Madrid, 2008.
- CASTROVIEJO Y BLANCO CICERÓN, Jose María: *Memorias dunha terra*. Galaxia. Vigo, 1985.
- CASTROVIEJO Y BLANCO CICERÓN, Jose María: *Paisajes iluminados*. Destino. Barcelona, 1963.
- CASAS FERNÁNDEZ, Manuel: *Episodios Gallegos*. Ediciones Galicia, Centro Gallego de Buenos Aires. Bos Aires, 1953.
- CENDÓN FERNÁNDEZ, Marta: «El sepulcro del arzobispo don Álvaro de Isorna en la Catedral de Santiago». En: *Cuadernos de Estudios Gallegos*, 42, p. 209 -226. Consejo Superior de Investigaciones Científicas. Santiago de Compostela, 1995. Disponible en Liña: <https://doi.org/10.3989/ceg.1995.v42.i107.262> (Consulta 20/06/2022).

- CERDEIRA LOURO, Xurxo & BOTANA IGLESIAS, Rocío: *A emigración en Vedra: 100 anos das Sociedades de Emigrantes do Concello de Vedra*. Materiais e recursos didácticos / Jorge Cerdeira Louro, Rocío Botana Iglesias. Concello de Vedra. Vedra, 2009.
- CERDEIRA LOURO, Xurxo: *Proceso migratorio e sociedades de emigrantes de Vedra: a viaxe cara a modernidade*. Deputación Provincial da Coruña. Vedra, 2010
- COLECCIÓN DIPLOMÁTICA DE GALICIA HISTÓRICA. Tipografía Galai-ca. Santiago de Compostela, 1901.
- EIRAS ROEL, Antonio: «La degradación del salario real de los trabajadores urbanos en Santiago de Compostella a finales del Antiguo Regimen». En: *Cahiers de la Méditerranée: série spéciale*, nº 3, 1, 1975. La force de travail dans les cités méditerranéennes du milieu du XVIII^e au milieu du XIX^e siècle. Actes des journées d'études Bendor, 19 e 20 abril de 1974. pp. 17-56. Niza, 1975.
- FERRER, Melchor; TEJERA, Domingo & ACEDO, José F.: *Historial del tradicionalismo español*. Ediciones Trajano. Sevilla, 1943.
- FERNÁNDEZ CORTIZO, Camilo & GONZÁLEZ LOPO, Domingo L. & SOBRADO CORREA, Hortensio: *Gañar a vida cruzando a raya*. Editorial Albarrellos, 2020.
- FERNÁNDEZ DEL RIEGO, Francisco: *Hombres que hicieron Galicia. Antolín Fardalo: un precursor*. Banco Noroeste. Vigo, 1978
- FERNÁNDEZ SANTANDER, Carlos: *Juana de Vega, Condesa de Espoz y Mina*. Fundación Juana de Vega. A Coruña, 1993
- FUNDACIÓN DOMINGO FONTÁN: *La Revolución Gallega de 1846*. Fundación Domingo Fontán. Consulta en liña: <http://www.fundaciondomingofontan.es/la-revolucion-gallega-de-1846.html> (20/06/2022)
- GONZÁLEZ LÓPEZ, Emilio: *De Espartero a la revolución gallega de 1846: la buena y mala fortuna del progresismo gallego*. Edición do Castro. Sada, 1985.
- GONZÁLEZ RAVIÑA, Guillermo: *A casa reitoral de Baamonde e a Batalla de Cacheiras* (edición do ano 2022 da Consellería de Cultura de Teo).
- GONZÁLEZ RAVIÑA, Guillermo & ESTÉVEZ CEPEDA, Eugenio : *Baamonde, Vaamonde: historia, genealogía y relatos*. (Autoedición). Teo, 2013.
- GONZÁLEZ RAVIÑA, Guillermo: *Modesto Paz Camps: su vida artística y bohemia, sus exposiciones, su museo y la catalogación de su obra*. (Autoedición). Teo, 2019.
- GUTIÉRREZ LLORET, Rosa Ana: *Isabel II: Biografía*. Biblioteca Miguel de Cervantes, Universidad de Alicante. Alicante, 2011
- GUTIÉRREZ DE LA CONCHA IRIGOYEN, José: «Comunicado al Ministerio de la Guerra sobre los acontecimientos ocurridos en el enfrentamiento habido en Cacheiras, Teo y Santiago entre las tropas rebeldes de Galicia al mando de D. Miguel Solís y las isabelinas mandadas por D. José Gutiérrez de la Concha Irigoyen». En: *Boletín del Ejército*, núm. 451 del 29/04/1846. Madrid, 1846
- LAFUENTE & ZAMALLOA, Modesto: *Historia General de España*. Urgorri Editores. Pamplona, 2002
- LEMA SUÁREZ, Xosé María: *Cen anos da historia do Concello de Teo*. Teo. Concello de Teo. Teo, 2005

- LEMA SUÁREZ, Xosé María; PARDO DE GUEVARA y VALDES, Eduardo & VILLARES PAZ, Ramón: *A Batalla de Cacheiras: abril 1846 -2016, 170 aniversario*. Concello de Teo. Teo, 2016.
- LEMOS JORGE, Marta: *Unha paixón herdada: obra ambiental de José María Castroviejo y Blanco-Cicerón (1909-1983)*. Consellería de Medio Ambiente, Xunta de Galicia. Santiago de Compostela, 2007.
- LÓPEZ FERREIRO, Antonio: *Historia de la Santa A. M. Iglesia de Santiago*. Edición facsimilar. Sálvora. Vol. 2, apéndice XXXV, p. 77. Santiago de Compostela, 1983.
- LÓPEZ DAVALILLO LARREA, Julio: *Atlas histórico de España y Portugal*. Síntesis. Madrid, 2000.
- LÓPEZ VÁZQUEZ, José Manuel: «López Garabal». En: *Enciclopedia Artistas Gallegos: Pintores*. T. 3 (Regionalismo), p. 370-480. Nova Galicia. Vigo, 1997.
- LORENZO PÉREZ, Carlos: *Carral: un concello no bo camiño*. Espiral Maior. Culleredo, 2008.
- MARÍA, Manuel: *Abril de lume e ferro*. Concello de Carral, Deputación da Coruña, Casa Museo Manuel María. Carral, 2016.
- MARTÍNEZ GONZÁLEZ, Xurxo: *Querida Libertade: vida e obra dun precursor do Rexurdimento, Antolín Faraldo*. Deputación Provincial da Coruña e Alvarellos Editora. A Coruña, 2022.
- MENÉNDEZ PELAYO, Marcelino: *Historia de los heterodoxos españoles*. Editorial Católica. Madrid, 1978.
- MENÉNDEZ PIDAL, Ramón: «Biografía de José Guitérrez de la Concha». En: *Historia de España*. Espasa Calpe. Madrid, 1996.
- MURGUÍA, Manuel: *Los Precursores*. Imprenta La Voz de Galicia. A Coruña, 1885.
- NAVAS RUÍZ, Ricardo: *El romanticismo español*. Cátedra. Madrid, 1982.
- NEIRA PEREIRA, Henrique: *Vedra: da prehistoria ós inicios do século XX*. Concello de Vedra. Vedra, 2006.
- PIRALA & CRIADO, Antonio: *Historia de la guerra civil y de los partidos liberal y carlista*. Mellado, 6 vol. Madrid, 1868 -71.
- PORTO, Juan do: *Reseña histórica de los últimos acontecimientos políticos de Galicia*. Imprenta de la Viuda de Burgos. Madrid, 1846.
- RICO, Eduardo G.: *María Cristina: la reina burguesa*. Planeta. Barcelona, 1994.
- SALCEDO OLID, Manuel: *Ramón María Narváez (1799-1868)*. Homo Legnes, s.l. Madrid, 2012 .
- SHUBERT, Adrian: *Espartero, el pacificador*. Galaxia Gutenberg. Barcelona, 2018.
- TAMAMES, Ramón: *Estructura económica internacional*. Alianza Editorial. Madrid, 1974.
- TETTAMANCY GASTÓN, Francisco: *La revolución gallega de 1846*. Librería Regional de E. Carré. A Coruña, 1908.
- TETTAMANCY GASTÓN, Francisco: *Los Mártires de Carral*. Imprenta & Fotografado de Ferrer. La Coruña, 1912.

- VALES VILLAMARÍN, Francisco: *Un significado apostólico gallego: Feliciano Vicente Faraldo (1785-1842)*. Imprenta Guardesa. A Guarda, 1977.
- VARELA JÁCOME, Benito: «La Academia literaria de Santiago en 1842». En: *Cuadernos de Estudios Gallegos*, núm. 28. Instituto Padre Sarmiento de Estudios Gallegos. p. 151-155. Santiago de Compostela, 1954.
- VARGAS MACHUCA, Francisco: *Vida política militar y pública del excmo. Sr. don Francisco Lersundi, actual ministro de la Guerra, dedicada al ejército español*. Madrid, 1851. Consulta en liña: <http://hdl.handle.net/10357/5203> (20/06/2022).
- VILA PÉREZ, Suso: *A Casa de Soutomaior (1147-1532)*. Toxosoutos. Noia, 2010.
- VILARIÑO, Francisco & VÁZQUEZ CRESPO, Armando: *Reseña histórica de Condado de Deza*. A. Vázquez, Gráf. Jomagar. Madrid, 1997.

Hemeroteca

Prensa galega 1840/1846

- El Centinela de Galicia*: periódico político, literario e industrial. Imprenta de F. Arza. A Coruña, 1843-1844
- El Iris de Galicia* (1841). Imprenta de J.N. Castaño. Santiago de Compostela, 1841.
- El Idólatra de Galicia*: periódico sabatino de literatura, ciencias y artes en general, historia, moral y costumbres. Imprenta de la Viuda e Hijos de Compañel. Santiago, 1841-1842.
- El Emancipador Gallego*. Tip. José Núñez Castaño. Santiago de Compostela, 1842
- La situación de Galicia*. Santiago de Compostela, 1842-1843.
- La Aurora de Galicia*: periódico de literatura, ciencias y artes. Imprenta de la Viuda e Hijos de Compañel. Santiago, 1845.
- La Revolución*: periódico oficial de la Junta Superior de Galicia. Imprenta de la Viuda e Hijos de Compañel. Santiago, 1846.
- El Porvenir*: revista de la juventud gallega. Impr. de la Viuda e Hijos de Compañel, Santiago, 1845.
- La Voz de Galicia*:
- 23.04.1885: «O 23 de abril de 1846: recordos». Manuel Murguía
 - 01.05.1988: «O PSG-EG solicitará o Pleno un monumento a Batalla de Cacheiras». Redacción LVG Santiago
 - 21.04.1989: «O PSG-EG de Teo conmemora hoxe a Batalla de Cacheiras e prega ó concello que se erga un monumento». Redacción LVG Santiago
 - 10.05.1996: «Cento cincuenta anos despois de Carral, conferencia no IFP Antón Losada Diéguez da Estrada, impartida polo Catedrático de Historia Xosé Ramón Barreiro Fernández». Xosé María Lema Suárez.
 - 23.01.1998: «Inauguración do monumento da Batalla de Cacheiras, Teo». Redacción LVG Santiago.
 - 21.04.2002: «Cacheiras recupera a súa historia o repetir o itinerario previo a Batalla». Redacción LVG Santiago.

- 22.04.2002: «Recordan con unha marcha a pé e unha ofrenda floral a Batalla de Cacheiras». C.B.
- 04.05.2005: «Conmemorase con unha carreira pedestre o aniversario da Batalla». Redacción LVG Santiago.
- 18.04.2007: «Os veciños de Cacheiras conmemoran a Festa da Batalla». Redacción LVG Santiago.
- 24.04.2008: «De paseo pola historia de Teo (inauguración da ruta da batalla de Cacheiras)» Enma Araújo.

El Correo Gallego

- 23.04.1995: «Unha derrota da que naceu a identidade cultural dun pobo: Lembranza do 149 aniversario de Cacheiras». Xosé María Lema Suárez
- 25.02.1996: «A Batalla de Cacheiras: vanse cumprir os 150 anos dos fusilamentos de Carral e do acontecemento bélico máis significativo da historia contemporánea de Galicia». Xosé María Lema Suárez.
- 26.04.1996: «Unha efeméride esquecida». Xosé María Lema Suárez.
- 04.05.2005: «Conmemoran con unha carreira pedestre o aniversario da Batalla de Cacheiras».
- 26.04.2011: «Carreira Pedestre Batalla de Cacheiras (Tierras de Santiago)». Teo, J.I.
- 24.04.2014: «Teo e Carral lembran aos caídos na histórica Batalla de Cacheiras». C. Botrán
- 24.04.2016: «Unha publicación deixa testemuña sobre o 170 aniversario da Batalla de Cacheiras». C.B.
- 21.04.2021: «Teo lembrará 175 anos despois a loita da que xurdiu o galeguismo». Pablo N. Sanmartín, Guillermo González Raviña e Xosé María Lema Suárez.
- 14.04.2022: «Volve a Batalla de Cacheiras coa súa carreira e ruta teatralizada polos Quinquilláns».

Prensa estatal

- El pensamiento de la nación*: Periódico religioso, político y literario. Imp. Eusebio Aguado. Madrid, 1845-1846.
- Revista Blanco y Negro*: «Inauguración del monumento a los Mártires de Carral». 04/06/1904. Madrid, 1904.

Arquivos

Arquivo Histórico Catedral de Santiago (A.H.C.S). Arquivo Municipal de Teo (A.M.T. – F.H.). Arquivo Histórico Diocesano de Santiago (A.H.D.S.). Arquivo Histórico Real Academia Galega (A.H.R.A.G.). Arquivo Histórico Reino de Galicia (A.H.R.G.). Arquivo Histórico Universidade de Santiago (A.H.U.S.).

Casa reitoral de Sta. M^a. de Baamonde e documentación. 05.03.1600 (A.H.U.S.):
Resulta ser a primeira cita histórica (documentada) da existencia da casa. É unha

- «arbitraxe entre o cura (Benito de Lamas), o caseiro e homes bos que fan de xuíces». Páx. da transcripción da Terza sen cura de Santa María de Baamonde: 24/27 do doc. (*A terza sen cura de Santa María de Baamonde é unha colección documental onde o Colexio Sancti Spiritus reuniu escrituras referentes á propiedade dos beneficios de cada ano referentes á freguesía de Baamonde para a cobranza dos beneficios: «1/3 dos décimos, primicias, avinzas e outras sobre o igrexario e demais territorio parroquial»*).
- Casa reitoral de Baamonde e documentación. 08.08.1707. 2ª. páxinas 74v/75 e 76v-. A.H.U.S. *Cita histórica da casa reitoral*. «Resulta ser un informe para o xuíz da Terza sincura de Sta. Mª. de Baamonde e así poder cobrarlle o Colexio Sancti Spiritus o terzo do que o cura se tiña apropiado», páxinas 74v/75 e 76v. *Sítuanos o notario do preito o 08.08.1707 en busca do cura de Santa María Baamonde para que lle informe sobre o cobrado polo terzo dos beneficios que lle corresponden ao Colexio Sancti Spiritus en 1705/1706. Identifica en Santiago ao medio irmán do cura (Luís Galiñans Gómez). En Baamonde visita a reitoral e ten un encontro coa madrastra do cura (Dominga Gómez) na referida vivenda*.
- Casa reitoral de Baamonde e documentación 10.01.1717. 3ª, S-2477,40 (40 r-40v) (A.H.U.S.) *cita histórica sobre a reitoral*. «Dote tardía para María Galiñans Gómez (ama de chaves e hermanastra do cura)». *Baseado nas soldadas realizadas, exercendo os seus bos servizos na reitoral de Baamonde, como ama de chaves, segundo relata Dominga Gómez (súa nai)*.
- Casa reitoral de Baamonde e reformas. 06.06.1727. Documento S-3317,62 (62 r-62v) -A.H.U.S.: 4ª, *cita histórica da reitoral*. Extracto do cura don Antonio Mosquera de la Mata e Marzoa: «Consiste nunha carta de pago que deu Don Antonio Mosquera a Luis Galiñans, a Domingo Pardiñas de Galiñans e a Manuel Estévez, de Oza (parentes do cura anterior D. Antonio Pardiñas), pola deterioración e danos que ocasionaron no Igrexario, abandonando os cultivos e as froiteiras, á vez que cortaron abundantes árbores; tamén na casa reitoral. Logo da súa intrusión causaron danos no lagar, bodega, nas cortes dos cabalos e nos muros. 1731».
- Casa reitoral de Baamonde e reformas 07.12.1731. Doc., -3709,35 (35 r-35v) (07-12-1731 A.H.U.S.). «Poder que dá D. Antonio Mosquera para axuizar ao arrieiro de Raris, Joseph Rego, debido a unha malleira dada ao seu criado en 1731, cando transportaba pedras da canteira, xunto a outros tres carreteiros desde o monte Miranda á reitoral de Baamonde».
- Catastro de Ensenada e informacións que achega o cura sobre a casa reitoral de Sta. Mª. De Baamonde: 20.05.1753. Doc. 1.44. (1177) de 20.05.1753. A.H.D.S. «*Valor dos canonicatos (prebenda, potestade do cóngo), curatos, etc. Escrito que remite o cura Joseph González de la Riva ao xuíz encargado do Catastro de Ensenada na Xurisdición de Vea sobre os beneficios da parroquia e a casa reitoral*».
- Igrexa de Sta. Mª. De Baamonde, construción. 13.04.1783 A.H.U.S. «Documento sobre a construción da igrexa, feito na casa reitoral de Baamonde, cuxa transcripción temos». *Foi redactado dentro da casa reitoral e a transcripción foi tomada do orixinal A.H.U.S. a súa vez o doc. tamén existe no A.H.D.S.*

ARQUIVO DO REINO DE GALICIA

Expedientes de Desamortización: Información sobre a valoración inicial do igrexario de Santa María de Baamonde.

Expedientes informativos de venda das parcelas poxadas da finca do igrexario de Sta. M^a. de Baamonde e datos dos libros da *Contaduría de hipotecas da parroquia de Baamonde*.

Catastro de Ensenada (versión dixital).

FONDO HISTÓRICO DO ARQUIVO MUNICIPAL DE TEO

Fototeca Municipal. Colección de fotografías sobre diversa temática que incluímos ó longo do libro «A casa reitoral de Baamonde e a Batalla de Cacheiras», para documentar graficamente os diferentes temas abordados.

Cartoteca municipal. Colección de mapas empregados nos gráficos para representar o paso pola comarca das tropas que participaron na batalla de Cacheiras.

Fotos aéreas (da comarca Lalín e Santiago), realizadas pola aviación norteamericana en 1956.

Ortofotografías utilizadas como base nalgúns dos gráficos referidos.

Fondo local da Biblioteca Auxiliar do Arquivo. Libros, revistas e dossiers de actividades culturais sobre a Batalla de Cacheiras e Casa Reitoral de Baamonde. Fondo da Asociación Veciñal *Raviña Valdés*.

Documentación histórica. Series do fondo histórico relativo a temas económicos, culturais, censuais e de diversa índole (Actas municipais, padróns municipais, expedientes de promoción económica).